

ANTÓN VILAR PONTE

OS EVANXEOS DA RISA ABSOLUTA


(ANUNCIACIÓN DO ANTIQUIXOTE)

Folk-drama da sinxeleza campesina

Ilustracións de CASTELAO



NÓS - VOLUME LXIV - SANTIAGO



76-8-34

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

12215

Biblioteca

OS EVANXEOS
DA RISA ABSOLUTA

Ista obra é propriedade do autor.
Fica feito o depósito que manda a lei.

OS EVANXEOS

DA RISA ABSOLUTA

(ANUNCIACIÓN DO ANTIQUIXOTE)

Folk-drama da sinxeleza
campesina
que enfeitan mapoulas de
sangue, felgos de te-
rras irtas e orballo
d'ollos cegos

C'un abrente de sábado lavandeiro no río,
un intermezo dominical de roupa branca
no tendal e un tolo epílogo báquico na
compañía de Caín, entre sombras de velo-
rio, cantigas d'arrieiro e renxer
de carro aldeán.

ESCRIBIUNO ANTÓN VILAR PONTE NO
MARZO VENTOSO E NO ABRIL CHUVOSO
DO 1934, NA CRUÑA.

Obras do mesmo autor

NACIONALISMO GALLEGO (*A nosa afirmación nacional*). Esgotada.

O MARISCAL, lenda trágica en tres xornadas e un prólogo en colaboración con R. Cabanillas.

TRÍPTICO TEATRAL (A PATRIA DO LABREGO, ALMAS MORTAS, ENTRE DOUS ABISMOS).

O SENTIMENTO LIBERAL NA GALIZA, discurso d'ingreso na Academia Galega.

A MULLER GALEGA, conferencia pronunciada na Agrupación R. Femenina da Cruña.

OS NOSOS VALORES, conferencia leida na Sociedade Económica de Compostela

RAMÓN CABANILLAS POETA DA RAZA, estudo crítico laureado n'un certame rexional.

AS FONTENLAS DA NOSA CULTURA, discurso pronunciado n'uns Xogos Floraes de Lugo.

ORIENTACIÓNS CULTURAES, discurso pronunciado n'unha festa do Centro Galego da Habana.


VILLA HERMOSA, novela curta do estío.



I-AUGA PRA NOS LAVARE
O LEITE PRA NOS NUTRIRE
O VIÑO PRA BEN DECIRE
E O MEL PARA NAMORARE.

NA LEMBRANZA D'AQUELES BELIDOS
OLLOS DE DOCE FITAR SEREO — FIES-
TRAS D'UN ALMA NÍDIA COMO AUGA DE
RELANZO ONDE BEBEN AS ESTRELAS—
NOS QUE VIN O AMOR DA QUE FOI MIÑA
COMPAÑEIRA NA VIDA E QUE CEGARON
SEN PARESCEREN CEGOS, POR AGASA-
LLO DE DEUS Á SUA BONDADE, MOITO
ANTES DE QUE A MORTE CO'A SUA PÓU-
TEGA DE XIO LLOS CHOESE
PARA SEMPRE.

O AUTOR
(*Ego ipsisimus*)



DRAMATIS PERSONÆ

ELECTUS,

fillo de muiñeiro, tolo de lecturas, copreiro e poeta, que deprendeu para crego ata se l'enfariñaren os miolos con foula de lua e que é parente espiritoal de «Zarathustra» inda que il coide o contrario.

SABELA,

ceguíña dos ollos, loira de helena euritmia, lanzal e garrida, co'as mans esguías e falares de mel onde gurgulla unha donda tristeza asolagada que atopou casa coberta e aloumiños na cás de Ciprianilla.

PEDRO,

mozo baril, de rexos músculos e d'ollares churruqueiros nos que avala unha l-alma espilida que sabe dos callaus e as silveiras de moitos camiños do mundo despreguizados pol-a sua gaita de bô gaiteiro e pol-a sua roda de afiadór. irman xemelo de Pedro —mesmo corpo, mesmos andares, mesmos xestos, compreto *alter ego* físico— que no acougo nemoroso das fragas, os soutos e os piñeirais ond'asexa a sua escopeta de garda forestal, fíxose moralmente diverso do que cand'a él, sangue do seu sangue, convívio no ventre da mesma nai.

XAN,

- CIPRIANILLA, vella de romper mangas, solpor de xurdía moza que loitou a feito para non deixar de sela, naipeira, manciñeira e patrona de mesón para feireantes e méndigos de romaxe con boa i-alma de seu, inda que entr'os veciños haxa algúns supersticiosos que lle faigan a figa disimuladamente.
- TIA MARIPEPA, anciana de brancos cabelos e de fazulas marelas con engurras de casca de noz, mans de sarmiento antergo e duas miñocas por beizos, que viste negro de viuva.
- ROSIÑA, filla da tía Maripepa, rapaza leda de dazanove anos, sempre risoños, aguda com'un allo e boa com'as papas de millo zucradas, que tenta, sen ela o querer, c'o seu corpo duro e sensual, co'as cereixas das fazulas, c'o caravel reventon da boca e c'o meigo goiño que a se rir de ganas choutalle na cara de sutil pelusa de pexego.
- XURXO, mocíño, irmán de Rosa, tamén ledo da ledicia d'ela, que nasceu eibado de lombo e peito sin que o pasal'o pol-a galla do carballo n'unha noite de luar, cando as doce eran por fio, das mans do compadre ás da comadre a sabidora e abegosa Ciprianilla perdesse a fasquia de sapo concho,
- O VELLO CEGO, barbudo, con siñaes de ter caído na cunca dos cravos, trocador de copras por esmolas, que lembra os cegos de Castelao.
- O ABRÁQUICO, rapazote de surrateira ledicia que perdeu entrambol'os brazos de canteiro no estoupar d'un barreno que fixo dos muñóns sempre dispidos o instrumento para comer o pan da caridade.
- O EIBADO DAS PERNAS, outro rapazote de raposeiros decires, socio esmolante do abráquico, en simbiose de pobreza compartida.
- O SORDOMUDO, home chegado á maturidade que con berros que queren ser palabras peta ás portas onde

mans caridosas alongan unha cunca de caldo e
un anaco de pan.

O LAZARILLO DO CEGO, neniño d'humildes ollos de liñal en flor e greñas
revoltas que lembran barbas de millo, com'o
Malpocado do conto de Valle Inclán.

Unha vella xorda, como todal-as vellas xordas
aldeanas e varias rapazas de ledó recendo cam-
pesino, onde calquera abella amiga das flores
silvestres zugaría o mel; un arrieiro que ceiba
cantigas nas sombras da noite; un merlo que
asubía e un carro que renxe con salaos doentes
do eixo d'ameneiro, irmás dos do canto das Es-
tepas de Borodín e do vento fuxido, sin control
do gaiteiro, da panza da gaita.

Unha aldeia d'entre val e montaña, n'esta época, com'as que canta
o xenio barroco do geógrafo poeta Ramón Otero Pedrayo.

THE JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION
PUBLISHED WEEKLY
CHICAGO, ILL., U.S.A.

Subscription price, Five Dollars Per Annum in Advance
Single Copies, Fifteen Cents

Entered as Second-Class Matter, May 2, 1902
Postpaid

Acceptance for mailing at special rate of postage provided for in
Act of October 3, 1917, authorized on July 16, 1918

Postage paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Copyright, 1919, by American Medical Association
Published by the American Medical Association, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Second-Class Postage Paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Subscription price, Five Dollars Per Annum in Advance
Single Copies, Fifteen Cents

Entered as Second-Class Matter, May 2, 1902
Postpaid

Acceptance for mailing at special rate of postage provided for in
Act of October 3, 1917, authorized on July 16, 1918

Postage paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Copyright, 1919, by American Medical Association
Published by the American Medical Association, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Second-Class Postage Paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Subscription price, Five Dollars Per Annum in Advance
Single Copies, Fifteen Cents

Entered as Second-Class Matter, May 2, 1902
Postpaid

Acceptance for mailing at special rate of postage provided for in
Act of October 3, 1917, authorized on July 16, 1918

Postage paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Copyright, 1919, by American Medical Association
Published by the American Medical Association, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Second-Class Postage Paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Subscription price, Five Dollars Per Annum in Advance
Single Copies, Fifteen Cents

Entered as Second-Class Matter, May 2, 1902
Postpaid

Acceptance for mailing at special rate of postage provided for in
Act of October 3, 1917, authorized on July 16, 1918

Postage paid at Chicago, Ill.
Postmaster: Send address changes to JOURNAL OF THE AMERICAN MEDICAL ASSOCIATION, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.

Copyright, 1919, by American Medical Association
Published by the American Medical Association, 535 N. Dearborn St., Chicago, Ill.



RIMEIRO TEMPO

Serán de sábado

O río cando vai cheo
leva carballos e follas,
tamén debía levare
as linguas marmuladoras.

*PERTO do arco d'unha ponte enfeitada d'edras,
noivas dos vellos muros, lavan as lavandeiras
no río cantando e batindo a roupa que deita es-
cuma do xabroón contra dos callaus lambidos
pol-as risadas brilladoras da corrente, onde an-
dan a tremelucir máns, brazos, bustos, caras,
arbres e ceo, en longas muxenas de luz e sombra.*

LAVANDEIRA PRIMEIRA, *moi esguía e fraca*

E vai a millor a túa filla, Manoela?

LAVANDEIRA SEGUNDA

Eu non sei que che decire. Ver véuna a tía Ciprianilla que ben sabes que é moi entendedora n'iso das doenzas das mulleres...

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Abofé máis que os médicos, miña filla, según din...

LAVANDEIRA SEGUNDA

...E despóis d'a tentare moito e d'apalpala por tod'o seu corpiño dóunos moitas esperanzas.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Pois nós tamén temos malada a miña irmá Felisa e seu pai quer que a vexa a Ciprianilla. Porque xa che foi ós médicos e despóis de gastarmos cartos a presas, coma se non...

LAVANDEIRA TERCEIRA

¡Ay, Xesús! As enfermédas arruinan a un. Probes das casas d'aldeia ond'entre un mal ruín. E seique o demo fai que haxa en case todas algún magoado.

LAVANDEIRA COARTA

Trabállase moito, nenas e cómese pouco... Todol-o noso suor lévano os amos, as rendas, os trabucos... ¡O trasno e mal-a nai que o inventoul

LAVANDEIRA TERCEIRA

E logo se algo s'aforra a custa de mal coméremos e de mal nos cuidare... póis os médicos e as boticas acaban por levalo como esta i-auga leva o xabrón. Ademáis, como agora non é o mesmo que n'outros tempos e todas termamos de nos vestir ben...

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Por iso eu digo sempre: mentres unha poida non val a pena privarse de nada. ¡Deus mo perdoe! pro para o que hemos vivire...

LAVANDEIRA TERCEIRA

Pois tí, non'o luces abofé.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Seique pensas que son unha pasa fame...

LAVANDEIRA COARTA

Ai, muller, axiña t'encabuxas. ¡Deus o faiga por millor!

LAVANDEIRA QUINTA, *vella xorda*

¿Qué din, neníña? (*falándolle a que se hacha ó seu carón*).

¡Seique rifan!..

LAVANDEIRA SEXTA, *Rosa de nome, leda
e travesa, como decote*

¡¡Falaban mal do seu amigo o señor abadell...

LAVANDEIRA QUINTA

¿Qué dí?...

LAVANDEIRA COARTA

Non'a fagas encabuxare, muller.

LAVANDEIRA QUINTA

¿Qué dí? Ben sabes que oyo pouco, nena.

LAVANDEIRA SEXTA

¿Oí pouco? É máis xorda que a parede do cimiterio...

(*Berrando*) Nada, señora Pepa, nada. Cousas das mozas.

LAVANDEIRA QUINTA

Tamén eu fun moza e... e boeno.

LAVANDEIRA SEXTA

Poriso o señor abade fíxolle sancristán ô seu home.

LAVANDEIRA COARTA

Ai, Rosiña, para seres nova mesmo tés unha
língua... Pois tí es das que van á doutrina.

LAVANDEIRA SEXTA

Dalle, dalle xabrón...

LAVANDEIRA COARTA

Eu non lle dou xabrón a ninguén ¿sabes tí?

LAVANDEIRA SEXTA

Canta, canta para que te ouza o fillo da siñora
Pepa.

LAVANDEIRA COARTA

Quén cho dera inda que fose lambido das ca-
delas.

LAVANDEIRA SEXTA

Soberba fora, muller, eu non che quero ósos.
(*Cantando con malicia surrateira*):

*O río cando vai cheo
leva carballos e frores,
tamén debía levare
ás linguas marmuladoras.*

LAVANDEIRA TERCEIRA

Así é...

LAVANDEIRA COARTA

Dín alí: o que canta seus males espanta.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Parecedes a trilla: sempre estades a roer.

LAVANDEIRA SEXTA

Poriso eu roio na madeira vella. ¡Que chistosa!

LAVANDEIRA COARTA

A chistosa es tí, sempre. Xa cho dín os mozos.

LAVANDEIRA SEXTA

Tés envexa, ¿non si?

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Dálle Maruxa ô argadelo. Calai, cantai e deixai lavar en paz.

LAVANDEIRA SEXTA, *canturreia*

*O home que a mín me leve
ha de tér a mín lixeira,
ha de pillar unha rosa
sin avalar a roseira.*

LAVANDEIRA COARTA

Esa rosa non'a serás tí.

LAVANDEIRA SEXTA

Rosa de nome me chamo. Pro xa sabes que
n'hai rosa sin espiñas.

LAVANDEIRA COARTA

E ti telas, d'abondo. Das que rabuñan callado.

LAVANDEIRA SEXTA

Probe de mín se n'as tivera. Chucharíanme as
babosas e luxaríanme as caricolas.

LAVANDEIRA COARTA

Pro os raposos coma senón...

LAVANDEIRA SEGUNDA

¡Volta ô mesmo!

*Calan todas un momento, batíndo a roupa
unhas; outras enxabronándoa, e outras â retor-
ceren.*

LAVANDEIRA PIRMEIRA

Ai, Rosa! Pergúntalle â señora Pepa se o fillo
que ven d'esguío com'un vimbio e de marelo com'a
aquele pano, trai moitos cartos da Habana.

LAVANDEIRA SEXTA

Pro ¿non me mandaras calar?

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Xa sabes que nós os galegos témol-o tras-acordo.

LAVANDEIRA SEXTA

Pergúntallo tí, se ch'interesa sabelo.

LAVANDEIRA COARTA

Logo tí non és curiosa.

LAVANDEIRA SEXTA

Com'a lavandeira que deixa a roupa feita un sol. Deixaría de ser muller. Pro xa vos sei sen llo preguntare a ninguén que é un de tantos americanos «de penas fartos, con sombreiro de palla, pero sen cartos», como dí a copra.

LAVANDEIRA COARTA

Volta a lle dar á lingua. ¿Seique cha amolou Xán o Gaiteiro?

LAVANDEIRA SEXTA

Non; nacín con ela afiada para te amolar a tí.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

¿Falades de Xán? Póis chegou ontes da vila.

LAVANDEIRA SEXTA

E tí víchelo, Ramona?

LAVANDEIRA COARTA

Ti non querías americanos, pero a gaita... faite beilar sola. (*Con intención*).

LAVANDEIRA SEXTA

¿Qué dís?

LAVANDEIRA COARTA

Que te puñeches colorada com'o fol da gaita de Xán.

LAVANDEIRA SEXTA

A gaita quer tambor, miña filla, e o tambor gaita.

LAVANDEIRA COARTA

Póis sírvelle tí de bombo.

LAVANDEIRA SEXTA

Outras que se ergueron máis cedo xa se ll'ofreceron, e ti sei que prefires tocal-as campanas do brazo da señora Pepa para que o fillo te leve á eirexa, senón serviríaslle, se cadra.

LAVANDEIRA COARTA

Millor que tí, lingua do demo. (*Cantando*).

*Marmula marmuladora
marmula de mín e d'outro
que no inferno hai unha cama
para descansar un pouco.*

LAVANDEIRA SEXTA (*respondendo con outra
copra para non escoitala*)

*Tanto bailei co'a i-ama do cura,
tanto bailei que me dóu calentura.*

LAVANDEIRA QUINTA

¿Qué dín?...

LAVANDEIRA PIRMEIRA

Falan de música e baile. (*Berrándolle porque
non oi*) ¡De música!!...

LAVANDEIRA QUINTA

(*Facendo aceno afirmativo*) ¿De música? Gós-
tame moito.

LAVANDEIRA PIRMEIRA

Moitos folgos han téren os músicos que ela oia.

LAVANDEIRA QUINTA

De nova bailei máis que o rodicio do muíño,

sin ofender al Señor. Ai, eso non. Pro d'aquela non vos había o que hai agora.

LAVANDEIRA SEXTA

¿E logo?

LAVANDEIRA QUINTA

¿Qué dis?

LAVANDEIRA SEXTA

¿E logo?... (*berrando*).

LAVANDEIRA QUINTA

¡Ai, miñas neniñas! Agora por fora d'eiquí, en terras de lonxe métenvos mesmamente a música en caixas para facela tocar cando se queira sen necesidade maldita de músicos. Parecer parece cousa de meiguería ¡así Deus me salve!

LAVANDEIRA SEXTA

Cata que tal. ¿Seique seu fillo trougo un gramófono da Habana? ¡Un gramófono! (*a berros*) Xa te divertirá con él o habanero... (*A lavandeira coarta*).

LAVANDEIRA QUINTA

Ai, non, non ch'é iso, nena. Os gramofos, gramófonos, ou como demo lles chaman, ben os coñezo eu...

LAVANDEIRA COARTA

Pasáchete d'aguda.

LAVANDEIRA SEXTA

Proveito para min que escuso de tomar allos.

LAVANDEIRA COARTA

Pois pol-o que te picas moitos debes de comer.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Deixar falar á vella, tede crianza. Sempre rí-fando a eito e sempre buscándovos...

LAVANDEIRA QUINTA

É unha caixa pequena que despois de a prender c'un fío ó fío da lus alcéndese de contado por drento facendo com'unha tixola d'aceite ó ferver e logo si se ll'apreta un botonciño de ferro deixa ouvire todo canto se fala e toca no mundo, hastra nas terras mais de lonxe... hastra no mesmo París de Francia, miñas rapaciñas.

LAVANDEIRA SEXTA

Eu, ben vol-o sei... Isa é a Radio... Ten unha o escolante que disque vai emprestare para o salón de baile un d'estes domingos. (*A lavandeira coarta*). Dille á señora Pepa que lle pida ó fillo que nol-a amostre.

LAVANDEIRA COARTA

Dillo ti que non percisas de correio.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Leria, leria. A primaveira zeique vos altera a sangue.

Pasa a cega Sabela canda o lazarillo do cego dos romances pol-o vieiro aberto entr'as herbas.

LAVANDEIRA SEGUNDA

(*A L. primeira.* Velehí ven a Sabela. ¿Non querías que a Ciprianilla fose ver á vosa irmá?

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Heillo decir. ¿Quen é o rapaciño que a leva da mán?

LAVANDEIRA SEGUNDA

E ti non'o sabes? O lazarillo do cego das feiras que agás no vran, vive ond'a ela no mesón da Ciprianilla.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

¡Probiño! Tamén as nais que deixan así os fillos...

LAVANDEIRA SEGUNDA

Terán necesidade, nena. Pouco mais che da

que os manden a alindar as vacas com'a nós. ¡Ai, Sabela! (*Chamándoa*).

SABELA

¡Santa Lucía vos conserve a vista, lavandeiriñas que lavais cantando e rindo.

LAVANDEIRA SEXTA

Cantando, rabuñando e marmulando...

LAVANDEIRA COARTA

Ela.

SABELA

Todas, neniña, todas, pois de non deixaríamos de ser mulleres. Tódal-as mulleres marmulamos. Orío tamén marmula. E aínda os homes deixannos atrás n'iso algunhas veces, sin que señan lavandeiros, que se o fosen... Só os nenos non marmulan, (*aloumiñando ô lazarillo*). Por iso lles chamamos anxeliños.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

É bunito com'a un sol.

LAVANDEIRA SEXTA

D'onde é o rapaz, Sabela?

SABELA

Da mariña.

LAVANDEIRA SEXTA

Mariñán. Canto me gusta o mar. E os mariñeiros que peitean a i-auga salgada c'os remos, parecendo levaren a voz das olas na ruda fala. Cando fun ôs baños c'oa miña nai envexaba ás rapazas de pes ispidos que cosían a rede no areal da praia.

SABELA

(*Sorrindo*). E ti queredías, ben sei, ser rede d'aquela para pescar corazóns de mozos mariñeiros. Pois de mariñeiros ou de labregos de montana e val hainos bós e hainos cativos. Poriso o bon Xesús quixo nacer na montana facendo de mariñeiros seus apóstoles... Para non despreciar a ninguén.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

E logo, Sabela, ¿a tía Ciprianilla podería chegarse n'un momento de vagar cabo da miña irmá Felisa? A probe está malada no leito.

SABELA

¿De cousa grave, nena?

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Os médicos din que non, pro ela non ten folgos

para se erguere. ¡Quen fai caso dos médicos! E a tía Ciprianilla d'iso sei que entende...

SABELA

Disque si.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

¿Dicirasillo?

SABELA

Da tua parte, si. Meu saúdo á probe Felisa...
Con Deus vos deixo, lavandeiriñas marmuladoras.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Abur Sabela e maila compañía.

TODAS

--Abur.

--Abur.

--Abur...

A ceguiña da man do rapaz, homildoso e triste vaise paseniño, cos ollos sen vista, que parecen ver, erguidos ó ceio, como si arelara pillar n'eles as raiolas d'ouro do sol-por.

LAVANDEIRA SEGUNDA

¡Probe Sabela! Inda ve menos do que oi a señora Pepa.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Ai, si, muller. A probiña non ve miga. Tívoche boa disgracia. ¡Santa Lucía nos vallal E tan educadiña e tan aguda que é...

LAVANDEIRA SEXTA

Lástema, abofellas, que non houbese caído en sitio millor que na casa da Ciprianilla.

LAVANDEIRA SEGUNDA

E gracias que non anda a pedir esmola pol-os camiños, coma outras, esfarrapada e cheia de miseria. A Ciprianilla, seña o que queira, tivo millor corazón dándolle casa coberta e agarimo de madriña ô vela orfa e só no mundo que moitas das que apilan onzas e fanegas trigas e chufan con fachenda de caridosas.

LAVANDEIRA SEXTA

Pro a Ciprianilla cobrálle o favor meténdolle pol-os ollos a Xan o gardabosque para que este lle deixe apañar leña e molimes de balde.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Pro do mal o menos, miñas fillas, pois ben sabedes que a Sabela xa non ten nada que perdere, porque aquilo que as mozas mais estimamos xa o perdera c'o irmán do que hoxe durme con ela, según din.

LAVANDEIRA SEXTA

O d'antes e o d'agora irmáns xemelos. E ben que se semellan. Pois todo fica na familia.

LAVANDEIRA SEGUNDA

Isas linguas...

LAVANDEIRA SEXTA

¡Ora mirai a mixiriqueiral! Seique matinamos cousa que a non seipan todos na parroquia.

LAVANDEIRA SEGUNDA

Non, muller, non; pro ¿quen de nós pode decir o que facería si estivese no seu pelexo? Ten razón o abade: vemos a palla no ollo alleo...

LAVANDEIRA SEXTA

Esa palla faille cóxegas a algunha (senalando para a lavandeira coarta).

LAVANDEIRA COARTA

Por si o dis por min tenta ben de sacudires a roupa si te tumban na eira, para non avergoñar-te logo si ois a cantiga...

LAVANDEIRA SEXTA

Pol-o d'agora ind'a poido cantarche eu a ti sin me ruborizare. Mira si a sei...

*Eras tú, eras tú
a que estabas aer no palleiro...*

LAVANDEIRA COARTA

(Interrumpíndolle a cantiga).

*O río vai enlamado
e mais eu non'o enlamei,
nunca digades mociñas
d'esta auga non beberei.*

LAVANDEIRA SEGUNDA

Nenas, nenas, calai que por acolá chega Pedro. Por pouquiño tropeza aquí co'a Sabela.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Cando se fala do ruín de Roma...

LAVANDEIRA COARTA

Moito ll'importa a Sabela a él. Como case tódol-os homes: desde a disgraciou, «si te he visto no me acuerdo».

LAVANDEIRA SEXTA

Iso non, neníña. Deixouna—que ben a quería—ô vela cega. Ti, de seres mozo, non facerías o mesmo? C'unha cega ningún casa.

LAVANDEIRA COARTA

Cata a abogada de probes. Tenta de que non te ceguen a ti...

LAVANDEIRA SEXTA

A min, porcuradora de habaneros... Cando te vexo vir xa estou de volta, téñoche bos ollos, fora soberba.

PEDRO, *que camiña preguiñoso, sorrinte,
con aquel de galo entre galiñas.*

¡Tanto bô fitan meus ollos!

LAVANDEIRA SEXTA

Hola, Pedro.

PEDRO

Saudiña a todas.

TODAS

Igoalmente...

PEDRO

Lavadeiras que non cantan...

LAVANDEIRA SEXTA

Parolábamos das nosas cousas.

PEDRO

Ui, malo, malo. Perferiría que cantásedes.

LAVANDEIRA COARTA

Abonda con que lavemos.

PEDRO

Si eu trouxera a gaita cand'a min, agora repinicaría no punteiro unha riveirana para que a falla de tambor —e bos tambores vexo por ahí que piden que lles zoupen c'o palillo— me acompañades co bater da roupa encol das pedras, mentras o río bailarín vos fai beilar de cabeza no seu espello d'auga, *Jazz-band* d'aldeia.

LAVANDEIRA SEXTA

E faceríamolo ben, se cadra.

LAVANDEIRA SEGUNDA

Que Pedro. ¡Sempre tan paverol

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Sempre él rexoubador e malicioso.

PEDRO

E a procisión por dentro, rapazas.

LAVANDEIRA SEXTA

¿Cando chegaches?

PEDRO

Ceguei onte á mañan. Despois de meia ducia de meses d'andar dándoll'a roda d'afiar pol-as ruas de moitas vilas.

LAVANDEIRA COARTA

Moito tiveches que amolar.

LAVANDEIRA SEXTA

E moito te amolarían.

PEDRO

Mais d'esto que do outro.

LAVANDEIRA SEXTA

Pro a este recuncho teslle lei.

PEDRO

N'el nascín e me criei, N'él nasceron e morreron meus pais; n'él tiven os primeiros amores, que vos son nenínas, com'a flor d'amendo da primaveira dos mozos. ¡Mália a xiada fatal que mos murchou!

LAVANDEIRA SEXTA

A probe Sabela, acaba de pasar por aquí.

PEDRO

Píllal-as no ar, Rosiña... rousada. Nin que foras cán famento e eu anaco de pan ceibo.

LAVANDEIRA SEXTA

Non cho dixeran por mal.

PEDRO

Ben o sei nena... pro conta que o da Sabela xa morreu vai para lonxe, porque Deus o quixo, que non eu nin ela... Mais, falaime d'outras cousas.

LAVANDEIRA COARTA

¿Ves para tocares nas festas?

PEDRO

Veño, nena. A de San Antón a primeira. Para darlle acougo ós pés cansos de facer andal a roda conquie lle arrinco chiscas de lume, com'astelas d'ouro, ó aceiro de coitelos e navallas. Pra inflar o fol da gaita co bofe dos carrillos en procura dos ledos sons que vos fan beilar a feito. É o meu pan do vran, pan d'aldeia, con menos suor ganado, inda aburando o sol, que o do inverno, pan de vila, duro de roer... Moitas novas saberedes...

LAVANDEIRA SEXTA

Eiquí todo che é sempre o mesmo.

PEDRO

Pareces decilo con pena, rapaciña, cando aínda si as abellas do amor zugaron mel nos caravés dos teus labios. Pois con pena maor eu che digo e vos digo, que todo é sempre o mesmo en todas

partes. Leducia curta e door longa. Estrada ancha e corredeira estreita, para o que camiña na busca do pan de cada día, ben pouco se diferencian. Eu prefiro ás boas palabras de moitos vilegos os ouveios dos nosos cáns de palleiro.

LAVANDEIRA SEGUNDA

Es bon veciño. Pedro.

PEDRO

Non tanto com'eu quixer. Pro se vosoutras non sabedes cousa de particular é que nada novo hai pol-a parroquia. Ben o dixo Electus, o probe tolo meu amigo, fillo do muiñeiro. Porque o río é talmente o períódeco, o papel da aldeia. Papel que é ar e non ten letras, pero que leva a todol-os recunchos da parroquia as noticias do día. D'eiquí ides para as vosas chousas ó tanto de quen che-gou ou se finou, de quen se casa pol-a Eirexa e pol-o adro, de quen bautiza e quen sofre, quen rouba ou namora, quen veu a Estadea e quen tivo custión c'o próximo; quen ergueu a paletilla e quen anda mal do calleiro...

LAVANDEIRA SEXTA

Ai, hom, nin que vos dérades cita. Falas d'Electus e cátao que acolá ven.

PEDRO

E mais si. Malia a loucura que lle furou os miolos!

LAVANDEIRA SEGUNDA

Algún mal d'ollo lle botarían.

LAVANDEIRA SEXTA

Disque lle fixeron mal as moitas leuturas.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Pois para eso millor fora que nunca deprende-se a lere.

LAVANDEIRA SEXTA

O probe do pai non fai sombra desque o fillo perdeu o xuicio.

PEDRO

PEDRO

E non é para menos. Gastou os poucos aforros que lle dou o muiño —maquia trás maquia— para o soste no Seminario. E despois d'aló deprender tanto, o verme da tolemia a lle rilar o seso.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Era agudo, abofé.

PEDRO

Agudó, dis? Os que foron seus maieštros din que chegaría a bispo de ter coroa de crego. Moito sabe e moi ben dí, inda cando se encaixaba.

LAVANDEIRA SEGUNDA

Hastra fai copras galanas.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

E contos que fan escachar de risa.

LAVANDEIRA SEXTA

E cousas que talmente meten tristura nas almas. ¡Probiño, tan novo e galano que é!

ELECTUS, *que se achega silencioso, paseniñamente, c'o ollar vagariño; un libro na mán e unha flor na boca*

PEDRO

Seique non qués nada c'os amigos? Pois parece que nos ventamos tí e mais eu. ¿Verdade, nenas?

ELECTUS

Hola, Xan entr'elas, gaiteiro que afias no vran na roda das romarías os amores das rapazas facéndolles dar tantas voltas e revoltas entr'os brazos dos mozos ò apertares c'o cóbedo o fol vermello da gaita, e no inverno moes foula de luz, millo d'estrelas, na pedra d'afiador, pan duro que che da pan. Verdadeiro «zaragozano» das festas d'aldeia, cata alí a vella xorda que non oi o marmular do río pro que marmula c'o abade penei-

rando segredos a berros na peneira do confesionario.

LAVANDEIRA QUINTA

(Ó ver esmilagrar de risa âs mozas que fitan a Electus). ¡Que dí, miñas nenñas que dí?.. *(Para seus adentros.)* Malpocado, que bô crego perdeu El Señor...

LAVANDEIRA SEXTA

(A berros, pé da orella). Di que quer levala ô baile. *(facendo acenos de beilare).*

LAVANDEIRA QUINTA

¡Probiño! Xa che perdin o compás.

ELECTUS

Fillo de muiñeiro, muiñeira quer, rapazas. E eu namoreime da lua, peneira da noite branca co'a que as nubes amasan a hostia que os cregos conmugarán cand'o mundo deixe de camiñar. O afiador do ceo que arrinca muxicas d'estrelas dos coitelos do sol, na roda do firmamento, xa está canso d'afiar...

PEDRO

Com'a min, Electus.

ELECTUS

Com'a tí Pedro, com'a tí. Pro ¡ai das línguas marmuladoras cando toque a gaita do Xuicio final o vello gaiteiro do ceo na romaria do val de Josefat! Os lóstregos serán danzarís e os tronos tamborileiros zoupando c'os cornos do demo maor nos timbales do mapamundi. (*Rinse as mozas lavandeiras*). Non vos riais pecadoras, porque tamén o río leva a i-alma porca porque vós lla habedes emporcado. O río é com'os homes; sempre se lixa por mor dar mulleres. Benia ô mar lavandeiro da terra que nunca se lixa porque n'il non traballan femias!.. Pol-a esfera do firmamento e auga das suas horas redondas, sin paisaxe a lavar, viñeron a nós tódol-os nosos santos: San Patrick e San Prisciliano; Sant-Iago e San Andrés, A Nosa Señora da Barca e o Santo Gonzalo... O mar marmula das mozas, o río dos mozos, inda que os novos poetas non queiran; os novos poetas que humanizan as cousas para deshumanizaren os sentimentos da arte, n'un circo vicioso, mentras lles fan de criados das suas metáforas estrelas, camiños e tod'o demáis. ¡E coidan ter matado o craro de lual..

LAVANDEIRA PRIMEIRA (*ríndose a feito*)

¡Ai, como está hoxe!

LAVANDEIRA SEXTA

Pro as mulleres, Electus, non che fixemos mi-ga de mal.

ELECTUS

Anda a lle decir ô Abade que veña confesal-o río. Río de lavadeiras sempre está en pecado mortal. Mirai que o confese o Abade para que logo o vello Deus, velliño de longa barba, enfeitado co'a casulla da noite de mouro tisú d'estrelas, lle dea a comungar a lua...

LAVANDEIRA SEGUNDA

Ben se ve que deprendeou pra crego.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Parece un predicador...

ELECTUS

E tí xa viñeches, pardal de todol-os camiños...
(a Pedro).

PEDRO

Vin, como veño sempre, cand'as anduriñas que agora chilán pol-o ar...

ELECTUS

Raiando o cristal do ceo. ¡Deixa, deixa a isas adiantadas do vran que voen car'o cimiterio de Becquer ond'as antergas viudas do romanticismo cristián rezan a oración da saudade entr'as plañadeiras madresilvas que choran bágoas d'orvallo...

PEDRO (*às lavandeiras*)

Hoxe seique non está para festas.

LAVANDEIRA SEXTA

Anda co'a lua... Nenas, meniñas, xa rematei.

LAVANDEIRA SEGUNDA

Eu tamén. Todas, pol-o que vexo, temos rematado.

LAVANDEIRA PRIMEIRA

Agardai que nos imos xuntas.

PEDRO

Sol-por de sábado. Noite de rolda.

LAVANDEIRA SEXTA

De rolda na casa, con traballo, tras traballo...

ELECTUS

Noite de meigas. Facedelles a figa...

(As mozas que foran gañando en cubos e paxes a roupa, despois d'axudaren a escorrentar unha peza de lenzo á vella, marchan ledas, con galantía.)

LAVANDEIRA SEXTA

Facerémolla, Electus. Abur...

LAVANDEIRA QUINTA

El Señor seña con todas.

TODAS

Abur... Abur... Abur...

PEDRO

Hastra logo nos ver, rapazas.

ELECTUS

Levan a roupa limpa, pro a língua pídelles acibro para purgaren a ialma. Si se volvesen pulgas, eu, com'o raposo, montariaas encol de min para asolagarme no río c'un pauíño na boca e cando n'el se puñeran todas ceibalo na iauga.

PEDRO

Son boas, Electus, son boas. Traballan cantando e cantan falando. D'o trafego d'aquí van a outro. Formigas, con aas e aguillón d'abella, que as endoza, e gorxa de pardal.

ELECTUS

Tamén traballa o sapo e toca na flauta de Pan ledos nouturnos. Pro ninguén lle garda lei. Non

hai mal, afiador de muíneiras e muíneiros de coitelos, navallas e tixeiras, que pol a muller non veña.

PEDRO

Pro todos nacimos de nai...

ELECTUS

Todal-as nais son boas, as dos homes e as dos animás. Boas pr'os fillos; ruins como femias.

PEDRO

Douche hoxe por lles ter carraxe. Outras veces dis d'outro xeito.

ELECTUS

Funche fillo de muíneiro e tiven por mestre o rodicio tolo que voltexa a fervenza, d'antes de que me fixeran cativo cadete de crego... Pro, mira... mira... (*siñalando o poñente*). Cata a laranxa do sol xa esmagada pol-as mans do día para deitar sobr'a terra o celme dos raios... Agora como xa non podes deitar mais zumo, as nubens femias queiman as suas pelicas. E a lua que ten nome de muller, vela ahí fuxindo do leito envolta no mantelo da noite, para enganar o sol despois de lle roubal-a lus conqu' s'enfeita. O ceo enverméllese de vergoña e marillea de rábea. (*Ponse a recitar estes versos, que Pedro escoita con admiración e tristura*).

Sai a lua arregoadá tras os pinos
que coroan a cima montañosa
como hostia sanguifienta e lumiosa
baixo palio d'arumes pondalinos.
Seus místicos brancos ambarinos
visten d'alba á noite silenciosa...
¡Ora lembro! Meiga boca — neve e rosa —
tod'a rir me mostrou seus dentes finos
tentándom'a beixala n'ansia tola...
e ô sentir nos meus beizos a presenza
d'aquela branca e breve dentadura,
xa de feitas ambas bocas unha sola,
n'ollar húmedo da moza que se ría
ô me ver, vin a Deus na Eucaristía.

PEDRO

Por onde lle da agora ô probe...

ELECTUS

Para logo cair en pecado mortal. Porta do inferno sin as mulleres. E tí, Pedro, Sancho Panza de panza de gaita, ¿qué agardas..? (*Facendo acesnos de se ti*). Enmeigáronte uns ollos de muller gozosos de te enmeigaren, inda que como as abellas que morren ô perder o aguillón, perdesen o seu ver... Quedou ela cega do corpo para che cegar a ti a ialma. E andas cego pol-a vida. Ben'o sei. E os tintileios do sapo, escondido na noite, parécenche campaññas repinicando amores de paganía. Como a min mo pareceron. Agardas a tua disgracia. ¡Aluarado... aluarado, o mesmo que o estou eu!.. (*Vaise señalándolle a Pedro sombras de persoas que chegan*)

PEDRO

¡Sabela! (*Con fonda emoción*). Es ti... na que sempre penso e na que agora me fixo pensar o Electus.

SABELA

¡O, Pedrol Tiña ganas de te vere... ¿de te vere?... ¡malpocadol... o meu ver anda contigo desde que mo levaches ti.

ELECTUS

(*Alonxándose*) Agardabas a disgracia... ¡A lua de veo nupcial pódolle os seus cornos ô sol! A lua de mel tamén tén cornos para as virxes mosquiñas mortas de flor d'azahar!.. (*Desfeito en gargalladas*). ¡Poñédelle a laranxa do mundo na man ô neno Xesús, mentras vós chantais os dentes na mazán de Eva.

SABELA

¿Qué vai dicindo Electus?

PEDRO

Tolerías, Sabela. Que estou agardando a disgracia.

SABELA

E n'iso non lle falla a razón. Chegou unha disgraciada.

PEDRO

A que cecais sin eu o saber fíxome ficar aquí onde me demorei por casoalidade.

SABELA

Non ouzo a ninguén no río.

PEDRO

Fai pouco que se foron as últimas lavadeiras. Hachámonos os dous sós.

SABELA

Os tres, Pedro.

PEDRO

¡Ai, si! Non reparaba no neno. (*Aloumiñándoo*).

SABELA

Pois é o meu guía n'estes camiños onde te conecín a tí e onde por te conocer, os ollos que te miraron para non deixar de mirárente nunca, non ven nin verán mais.

PEDRO

Miña meiguiña...

SABELA

Non, meiga, non; o meigo fúchelo tí; tu o en-
meigador que cegaches a miña inocencia de leda
mocíña volvéndoa turba como esta auga do río
cando as lavandeiras remexen n'ela, con palabras
de mel, para roubarme a flor virxinal e logo es-
quencéreme porque Deus me castigou privándome
da vista, terrible castigo de seu, inda meiran-
de do que ninguén coida posto que ô tormento de
non ver engadiuse o do que os ollos sigan a locir
o mesmo que si viran.

PEDRO

Certo que non pareces cega...

SABELA

Ruin enfermidade que non me pechou os ollos
nin mos ten magoado de xeito que afeen a cara...

PEDRO

Millor así, Sabela.

SABELA

SABELA

Non, Pedro, non; porque d'aquela ningún ho-
me despois que ti sentiría a tentación do meu
corpo. Si é gran disgracia ficar cega, moito maior
aínda é selo e non o parecere...

PEDRO
PEDRO

Decátome de que tés razón...

SABELA

E dilo, c'unha tristura que é nídio, egoismo. Porque ti que despois de me perder e de me ver cega abandonáchesme — e non cho digo con aquel de censura pois ben sei que c'unha cega ninguén casa — logo, pol-o teu amor propio de home que rerías que a miña cegueira escurrentase a todos cantos gustan de carne de femia.

PEDRO

Pensas mal, Sabela.

PEDRO

SABELA

Os que non vemos o mundo lemos moi ben nas palabras que nos din.

PEDRO

Nas miñas non liches iso.

SABELA

Lin eso e moito mais, Pedro. Leio hoxe — linno xa d'antes — que a tua fachenda de macho ó me veres boa moza — que boa moza decátome de que o son no espello das verbas dos que mo din — fai-te lembrar que fun tua cando vía e sintes a tortura de que agora non'o seña... ¿Non si?

PEDRO

Sabeliña.

SABELA

E tés celos do teu irman porque agora lle pertenezo en corpo e ialma correspondendo ó moito que él me quere. Pro teu irman tamén os sinte de tí, porque sendo, como es, nado do mesmo ventre de nai que vos alumbrou xuntos fuches o dono da flor perdida da miña inocencia o que lle leva a matinación crudel, teimosa, perene, de que si o quero a él é por se parecer a tí, outra i-alma en semellante corpo, con igoal acento e igoales xestos...

PEDRO

Por iso, por iso queres agora a meu irmán. Dío con franqueza, pois eu por iso te quero mais a tí hoxe que nunca...

SABELA

Non, non te poñas fachendoso... non; quero a teu irmán, quéroo porque m'ofreceu o seu cariño que foi a miña defensa contra dos monstros da Natureza, os probes cegos, tocos, coxos e mudos, mais que homes farrapos da vida, que atopan pouxada no mesón da Ciprianilla onde pol a sua bondade hachei casa coberta; probes famentos inda maormente que de pan e compango de venenosa luxuria que sin eu verlla nos ollos sentina chantarse en min, alporizándoseme o corpo, moitas veces. El si que veu a min porque me quería... E cando él sinte ciumes do que eu fun para tí e mos bota en cara, sofro moitísimo, padezo moito, porque non comprendo, como non comprende ningún

home, que si a virxinidade do corpo non volve, a da i-alma si. Com'as flores brancas das cerdeiras albeia en nós as mulleres de corazón honrado, en tódol-os maíos da nosa vida... E isa, Pedro, isa que non no la pode roubar ningún, é a que eu sempre ll'ofrendarei a teu irmán.

PEDRO

Pro non te lembrás, Sabeliña, de como fuches miña?

SABELA

Inda que me lembrara.

PEDRO

Isa lembranza lévoa apozada no fondal da miña alma como mel que endoza as amarguras da vida de vagamundeio conque gano o pan. A miña roda d'afiador sempre rola nos seus radios aquela lembranza e as moxenas de lus que a pedra ll'arrinca ô aceiro entón paréceme que escriben teu nome no ar, co'as chiscas de lus dos teus ollos mortos que me viron namorarte e que agora xa non me ven sufrir...

SABELA

Pero que choran, que poden chorar aínda. Si me lembro, Santa Lucía bendita! Hai cousas que as mulleres non esquencemos nunca. (*Asubía un merlo*). Escoita o merlo... quizais fillo d'aquel cul-

pabel de que te eu quixera. ¿Para qué cantaría agora? ¡Paxaro negro com'o meu remorso!

PEDRO

Un merlo, un negro merlo que enguedellaba e desenguedellaba c'o peteiro un novelo de asobíos de cristal foi de certo quen nos casou o sentimento para ennoivarnos.

SABELA

Poriso desd'enton aborrézoos, e cando os oio cantar tapo coas mans as orellas.

PEDRO

Con esas mans (*apreixándollas*) que me meteron na i-alma as meniñas dos teus ollos, que dentro levaban a miña imaxe, para deixarchas feridas de morte...

SABELA

En eterna noite pecha. ¡En eterna noite d'amor!
(*Como falando para sí*).

PEDRO

Agora descubrícheme sin te decatares o fondo da tua i-alma, Pois en eterno día d'amor —o amor é cego con sol ou lua— vivo eu tamén des'aquela, Sabeliña. ¡Si como me ten dito Electus, o tolo que seique toleou de tanto saber e ben decir, o

nascimento, o bautismo e a morte do noso amor é
mesmo cousa d'un poema de poeta!

SABELA

¡Outra vez o merlo! (*Tapando as orellas co'as
mans*). Negro tiña que ser para que a miña sorte
fose negra. Negro e con bico marelo com'as fa-
chas d'alumear os defuntos.

PEDRO

Pois eu como o santo monxe d'Armenteira
porque me lembra a hora mais leda da miña vida,
pasaría un cento d'anos sin me cansar d'escoitalo.
Ese merlo mándao Deus para te obrigar a me
quereres de novo.

SABELA

Non'o percisaba.

PEDRO

¿Qué dis, Sabela? (*con acento de goce*).

Non soñes, non soñes Pedro, pois inda non re-
matei o que tencionaba dicire.

PEDRO

Era un merlo com'a ise, n'unha serán azul
d'un maio cal este maio. Voltaba eu c'o meu carro
de bois carregado de recendente molime, da fra-

ga. Cand'a min, a escopeta de cazador. Vinte —jora foi ela— pé da pedra hoca, enfeitada de verde musgo, que recolle a i-auga fresca da montaña na faldra do ribazo, a te rires a gargalladas, irmás dos gurgullos do cristal da fonte, dándolles de beber ¡belida samaritana de dazaoito anos! d'aquela auga nidia a uns rillotes da aldeia alindadores de vacas.

SABELA

(*Co'a i-alma en ledicia súpeta*). ¡Inda se lembra ben!

PEDRO

E cheguei eu.

SABELA

Nunca chegaras.

PEDRO

Cheguei eu ô mesmo tempo que un merlo, aquel merlo bendito, coma este que canta agora, envexoso da tua risada que facía un madrigal co'a risada da fonte, comenzou a se desfarelar en tolos asubíos... Eu, indo pol a escopeta ô carro sentín desexos ¡parvo de min! de lle dar caza. Ti falándome co'as meixelas roxas de rubor pregácheme —boa i-alma que nunca deixou de ser boa— que non'o matara.

SABELA

¡Santa Lucía bendita porque non sería eu mala e ruín d'aquela! Ben din alí que n'hai mal que por ben non veña...

PEDRO

Pero eu púxenlle prezo á libertade do merlo. Unha presada d'auga da fonte, espello dos teus ollos, posta pol-as tuas mans nos meus beizos.

SABELA

¡Xogo d'auga e de galantería que nunca fixéramos!

PEDRO

Resistiaste con timidez. Pro eu apuntando co'a escopeta ô loureiro onde apousara o merlo, díxenche: «Ou dasme o que che pido ou disparo de contado». Entón fixeches o sacrificio de me compraceres cheia de vergoña. Tornáronse cunca de quente carne na friaxe da i-auga as tuas mans xuntiñas. Achegaches esa cunca â miña cara que baixei para abranguela. Vin alí reflexada a tua boca e reflexádol-os teus ollos e co'a mesma unción conque comungaba de neno, bebina súpeto n'un pulo d'avarento.

SABELA

Comunión d'herexe...

PEDRO

Os rillotes que nos vían, como este rapaz teu lazarillo te ve agora, a se riren e choutaren. E eu despois de mandarlles tecer unha coroa d'hedras e de cinguircha nos loiros cabelos, pergunteiche: «¿Inda non vas para a casa?» E tí respondiches: «Si, que xa andará miña abolita ô asexo e ademais estou moi cansa».—Pois ven no meu carro —engadín—; encol do molime semellarás unha principesa, unha rafiña... Nunca millor...» Dubidabas receiosa... desfollando unha flor silvestre.

SABELA

¡Maldita por que m'aconsellou mall

PEDRO

Os rapaces empurráronte risoños hastra o camiño... Rubiches n'un chouto ô verde trono do carro. E eu aguilloando os bois marelos boteinos a camiñaren. ¡Nunca tan galana foras como n'aque-la serán da primaveiral ¡Nunca con mais fachen-da o eixo d'ameneiro a saloucar!... Ti tumbada entr'o molime c'un velaíño son d'alalalá dependu-rado do caravel da boca. Os meigos seos de boa moza a se ergueren e baixaren tentadores. O co-razón com'o merlo que festexaba a sua libertade, a che cantar na xaula do peito. As pernas nuas en-feitadas c'o primor das zocas sinxelas. E os ollos, aqueles ollos que che bebera a me rebuliren na i-alma e a sairen da miña i-alma para tornar a ti para que tí me chantaras seu solermiño fitare

como frechas do arco dos párpados case pechados
na miña caluga...

SABELA

Vivo o soño que vivin... e vivirei, por isas palabras meigas que dís e que non quixera oire... Palabras que non parecen nin tuas nin miñas, senon bafo d'esta doce terra que aloumiña ô se facer cantiga --agora que xa non poido vela sei canto ten de feiticeira— e na que os meus pés esbararon por mor da noite alcayota, para me cair nos teus brazos...

PEDRO

Déixame, déixame seguir recordando.

SABELA

Non sigas, Pedriño, non sigas, que m'envenenas co'a lembranza.

PEDRO

Agarda, xa remato... Os bois seguían a turrar do carro, abatendo as testas... ti, no trono do molime, c'un deixo de preguiza sensual, aluarada pol-a fouce da lua, dina d'unha raíña segadora. Calou o renxer do eixe d'ameneiro. Perto da tua chouza axudeite a descender do leito do molime. Uns castiñeiros, avalados pol-a bris, con meigo recendo a carne de moza en flor, deitaban mesta sombra e parecían chamarnos. Bébedo pol-os teus ollos que che bebera na fonte ô sentir contra do

meu peito a mareira tentadora dos teus peitos,
como pombas en viño morno, esbaramos para cair
sobre do céspede mol, ti mirando pr'as estrelas,
eu as herbas do chan, baixo a colcha negra da ne-
gra sombra do nouturnio.

SABELA

Da negra sombra... (*Como un eco*).

PEDRO

A noite alcayota, Ciprianilla do ceo, chiscando
seus ollos d'estrelas maliciosas. E o merlo que
nos asubiaba na i-alma, branco cantar cristaíño
de negro paxaro a quen lle déramos a liberdade,
enmudeceu d'aquela porque o oubeo do cán do pa-
lleiro da tua chouza, que oubeou xa a destempo,
fixonos erguer... Ti fuxiches chorando... Eu co'a
boca feita mel, ulindo a ti e ulindo a castiñeiros,
boteime led o camiño levando nos beizos o sabor
da cantiga que lles roubara ós teus e que logo
s'ouviu no silencio do val posta a voar por min o
són dos laios do carro... entr'aturuxos de trunfo.

SABELA

Agora o recordo triste... Pouco despois fiquei
cega d'un mal cativo. Miña abolita morreu. Sin
ninguén no mundo, ti abandonáchesme... ¡E inda
qués que escoite led o cantar dos merlos!...

PEDRO

Xa non canta, ningún.

SABELA

Eu estóuno a ouvir; cousa de meiguería. Non, non'os escoitarei mais, porque sería iso a miña perdición. Anda, neníño. *(O lazarillo, que despois de se terido a sentar n'un cómaro con resinada espera de servo, voltara cabo d'eles, tímido, humilde, silencioso, co'a i-alma infantil e branca na punta dos pes)* anda ímonos de presa. Non quero facerche sufrir mais escoitando o que non ch'importa e non deberas d'ouvi-re... ¡Xa terás sono, ben sei, meu probiño!

PEDRO

¿Non me queres cand'a ti?

SABELA

Non quero escoitarte mais.

PEDRO

Negarásme a fala.

SABELA

A fala non, de nos atopar entr'a xente. Sós os dous, en ningures. Deus te garde, Pedro...

PEDRO

Sabela...

(Fica sô e séntase n'unha pedra do vieiro. As mans na testa; os cóbedos afincados nos xionllos.

Canta o merlo de novo acugulando o silencio d'asobíos, logo, a voar, remexe ponlas e follas. Sintense a pouco pegadas de camiñante. Son de Xan, o irmán de Pedro e d'un xordo-mudo que ven na súa compañía. As súas sombras alónganse no chan, devanceiras dos corpos, baixo os pés que tropican na terra.

XORDO-MUDO

(Petándolle no brazo a Xan, sinala para Pedro¹).

XÁN

Xa vexo... Alí hai un home que parece abraiado... ¿Quen será? Ei, amigo!... *(indo a él).*

PEDRO

(Erguéndose de súpeto) ¡Meu irmán, ¿es ti?

XÁN

¡Pedro! Eu mesmo, que non te vira desde me dixeron que chegaras. *(Apertandoo)* Eu, canda este bó compañeiro, que eche abofé o millor compañeiro... *(ríndose)* porque nin fala nin oi.

PEDRO

O Xordo-mudo, que anda a pedir...

XÁN

Ese, sí. Hóspede com'a min, da pousada da Ciprianilla.

PEDRO

Quen fora com'a il xordo... mudo... e cego, ademais.

XÁN

Pra'o que falta, di coxo e manco, tamén.

PEDRO

Tamén.

XÁN

Pro a ti pasóuche entón algo serio...

PEDRO (*reponéndose*) *con tráxico rir*
melancónico

Non, nada, Xan, ¿e que me ía pasar? E que estiven con Electus fai un pouco, falóume da lua e ô ficar eu sô ollando para ela, penséi, por pensare n'algo, que si poidese pillarlle a fouce do crescente, que agora oculta na sua roda cheia, semella ô torques céltigo que tén o abade, afaría na miña pedra d'afiador para chantarilla no pescozo a quen nos fai sufrir.

XÁN

Es tolo, meu irmán, como bô gaiteiro amigo
d'un tolo.

PEDRO

Non sería bô gaiteiro se non fose tolo d'atar.
(*Ríndose a desgana*).

XORDO-MUDO, (*senalando á lúa con
aceno d'admiración*)

¡Uuu... uuul...

XÁN

Quer decire que lle gorenta a lua.

PEDRO

A noiva maldita dos que non teñen ningunha,
como di Electus (*con voz baixa, para sí*) mais fe-
liz do que eu porque é mais tolo...





SEGUNDO TEMPO

Mañán de domingo

O home que a min me leve
ha de ter a mán lixeira,
ha de pillar unha rosa
sin avalar a roseira.

UN campón en costa non lonxe do mesón da Ciprianilla e da chouza da nai de Rosa. Aquel pérdese á dereita e ista á esquerda. Uns arbres en primeiro termo. Lonxanía de montañas verdes con mendo de terra ocre e de milleiraes, tenzas de centeio, greas de pinos coma lexións bélicas e manchas esmeraldinas de castiñeiros. Ceo azul e sol rillote que xoga ás escondidas con barrocas nubens brancas, de fasquías sempre a se renovaren.

*A señora Maripepa cánd'a Rosa, sua filla,
pousando un paxe de roupa branca.*

A SIÑORA MARIPEPA

Xa pouca roupa nos falta de tendere. Bón día
nos deu El Señor.

ROSA

Da que lavei onte no río por acolá está xa toda
tendida.

S. MARIPEPA

Póis para a que fica no paxe ¿non argallare-
mos tendal?.

ROSA

Agarde, mi madre, que xa matinei n'iso... Pra
algo trouguen esta corda. (*Mostrando unha que
traí na mán e que súpetamente anuda por un
dos cabos no trinco do arbore de primeiro termo e
pol-o contrario n'outro arbore máis do fondo, des-
póis de choutar á comba uns minutos, ríndose a
todo rir*).

S. MARIPEPA

Cata que tal. A miña filla volvéuse nena. Non
sei cando has de ter formalidade. ¡Santa Apolonia
che faiga nacer axiña a moa do xuicio! Traballa,
traballa...

ROSA

O señor abade manda santifical-as festas. E eu para santificalas, xa que hai traballos que non se poden deixar de se facer, inda que seña en domingo coma hoxe, traballo rindo, cantaruxando e brincando. Así Deus verá con millores ollos estes trafegos dos aldeáns en mañán de festa de gardar. ¿Qué mal hai neste, miña nai?

S. MARIPEPA

Como mal ningún, si se ouviu con proveito a Santa misa. Pro ti xa pasaches de nena.

ROSA

(Colléndolle á vella a roupa que porta na man).
Traia, señora, traia. *(Entr'as dúas desenvólvena e van prendéndoas na corda da que a dependuran mentras canta a moza).*

*O home que a min me leve
ha de ter a man lixeira
ha de pillar unha rosa
sin avalar a roseira.*

ELECTUS que chega sin que se decaten

Ese mozo... ¿quén será?

S. MARIPEPA

Ai, mira quen ven ahí.

ELECTUS

Bos días a duas boas mulleres.

S. MARIPEPA

E para tí, que os vexas; que tampouco tes mi-
ga de ruín.

ROSA

Perguntabas, Electus, quen será o mozo... da
copra. Iso saberaio o copreiro que a fixo.

ELECTUS

Tal cantiga fixoa o pobo, millor dito, miña
nena, un home escuro do pobo que acabou sendo
tod'o pobo n'ese xeito de lirismo, con mais derei-
to que tantos fachendosos poetas que poucas ve-
ces abranguen o premio da popularidade. Copras
populares, cantigas d'aldeia, vivindo vida eterna
en recendo de multitude, esquencidos de seu pai.
Freiras franciscanas da poesía, velaíñas e belas
com'as volvoretas do campo...

ROSA

Non ch'entendo d'esas cousas...

S. MARIPEPA

Si as deprenderas coma il as deprendeou no es-
tudo...

ELECTUS

Tes razón, Rosiña. A tí abóndache zugar o celme das belas cantigas com'a abella o mel das flores que non fixo nin sabe quen as fixo nin para que as fixo.

S. MARIPEPA

Abella con aguillón.

ROSA

Piores son as nésporas.

ELECTUS

Porque folgazanas de seu, non fabrican mel.

S. MARIPEPA

Pol-o traballadora si que pode ser abella.

ROSA

Teño a quen me parecere.

S. MARIPEPA

Que para ben o digas en boa hora, nena.

ELECTUS

En hora de domingo con sol e traballando as duas. Esa é a millor proba.

S. MARIPEPA

Pro despois de oirmos a Santa misa e sin pecáremos. Estes trafegos dos probes, permíteos El Señor. Ben o sabes ti que deprendiches pra crego.

ROSA

Se o foras, Electus, serviríache eu de ama, de non teres outra millor.

S. MARIPEPA

Leria, leria, Rosiña. Non lle fales d'esas cousas.

ROSA

Ai, señora. Deica pouco non poderei abril-a boca.

S. MARIPEPA

Para cousa mala, val mais que non'a abras nunca.

ROSA

Por iso m'ensinou a facel a sinal da crus. (*Finxindo un bostezo e santiguándose con risa nos beizos.*)

S. MARIPEPA

Seique tes fame.

ROSA

Fame de me rir, miña naiciña. Hoxe estou leda.

S. MARIPEPA

Non sei cando ti non'o estás. ¡Se parece que levas na gorxa un trasno que che fai cóchegas pol-o doada que es para te esmilagrar de risa por calquera cousa!

ELECTUS

Déixea rir, señora, que vostede antes de se enfeitar de negro xa ten rido d'abondo no muiño de meu pai. Déixelle agora a ela que moa no muiño da sua gorxa o pan que alimenta às almas boas, dándolle saúde ó corpo: a ledicia de se sentir vivire. A i-auga é un camiño para chegar a Deus, dixo un santo namorado das limpas e risoñas oracións dos ríos e das fervenzas. E a risa dos homes é outro camiño. O Deus dos gregos, sempre ledos porque sabían riren coma nenos, tivo, según Homero, un copreiro antergo, a risa absoluta pol-o don supremo da divinidad. (*Despois de falar abre a boca grotescamente.*)

S. MARIPEPA

(*Que facía acenos de compasión para a filla ó oubir a Electus*). Seique te ergueches cedo.

ELECTUS

Non moi cedo porque durmo pouco ás noites,
pensando pol-os que nunca pensades.

ROSA

Miña nai decirayo porque ve que che se abre
a boca, com'a min d'antes. Poida que non desauna-
ras... Se cadra...

ELECTUS

Seique m'esquencin, abofé.

S. MARIPEPA

¡Meu probiño! E quererás algo, ho? Témosche
un leite moi rico.

ELECTUS

¿E mel?

S. MARIPEPA

¿Mel? E algún seique haberá. ¿Non si, Rosiña?

ROSA

Hai señora, hai.

S. MARIPEPA

Pois vaite n'un pulo á nosa casa e traille un
pratiño de mel e unha cunca de leite, o probe...

Anda de contado, que eu seique me vou alindal-a vaca na congostra.

ROSA

(Que acompaña á nai). Agarda Electus, unha miaxa se non qués millor chegarte á nosa casa.

ELECTUS, *(erguendo a voz moito)*

Si, agardo, agardarei baixo os aloumiños d'este sol de domingo, traballador en día de festa com'a ti e coma tódal-os aldeáns galegos sin deixar nunca de se rir, o mesmo que tí te ris e pondo goios de sombra nas fazulas da herba irmáns das da tua meixela de cereixa. *(Xa falando para si).* Quero beber morno leite branco, muxido pol-as mans de moza rideira, que oyen misa, dos tetos reventós da vaca d'ollos redondos e negros coma lupas miudas, xa cantadas por Virxilio en latín xeórxico porque n'elas a paisaxe se reflexa como no sereo acougo da i-auga d'unha pucharca...

(Fica en silencio ata que chega Rosa co'a cunca e o prato, na compañía do irmán Xurxo).

ROSA

O mel e o leite, vel-aquí tés, xa que pol-o visto ch'apetecen.

(Xurxo, sanda a Electus c'unha palmadiña no brazo).

ELECTUS

Apetéceme, Rosiña, e a ti dígocho para que te rías a feito, porque es risoña canéfora grega de-

vota de Zeus, sin o saberes en pago á tua ledicia de caridosa samaritana de tolos com'a min... apetece-me posto que o Criador non nos fixo romiantes para podermos pacer a herba. ¿Non te rís?..

ROSA

Inda agardo...

ELECTUS

Pacela herba valería com'un ledo sacrificio pagano en honor do paisaxe meiga que nos esculpiu as almas... ¿Tampouco agora rexoubas?

ROSA

Rexoubaría si te alindase... (*Ríndose para si e para o irmán que tamén ri*).

ELECTUS

Pois por iso: porque non poido comer herba—e tentei comela moitas veces véndoa asin de vizo—sa e ridente coma hoxe—por iso c'oa saudade d'ela que se m'adentra na i-alma pol-os ollos, apetece-mín o leite e mail-o mel.

XURXO

O leite sabe a herba.

ELECTUS

E o mel a flores. Bebendo leite e mel comungarei c'oa hostia do campo. Direi a miña misa, xa

que non puiden ser crego da Eirexa, fixenme crego das nenas, baixo a bouta afrodisíaca dos castiñeiros.

ROSA

Agora si que me río; agora si que me fás rir.

ELECTUS

Agora (*bebendo do leite e tomando do mel*) agora si que poderei cantar dinamente todas as cousas santas e hastra compôr unha oración com'a do noso santiño de Mezonzo que escomenzaría asin... «*Salve terra mātēr regina Terræ*». Leite d'Amalteia. Mel da quinta geórgica de Virxilio...

(*Chegan o mendigo abráquico e o sin-pernas, este camiñando con axuda das máns, mentras o tolo lembra na evola de lecturas que ateiga no cerebro estes versos de Guerra Xunqueiro:*)

*Deus golpeia a aurora
pra dar sangue ás rosas,
Deus ordeña a lua
pra dar leite ós liños.*

ABRÁQUICO

Bos días almas cristianas.

SIN PERNAS

Saude nos dea el Señor a todos.

XURXO

Chegais a tempo para escuitáredes a divina
palabra (*sominte.*)

ELECTUS

Sapo concho avegoso, dis ben. Vinde, vinde a
me ouvir o sermón dominical, vermes de probeza
que sodes pol-a bondade das nosas xentes da al-
deia sal das romarías... xa que non servides para
axudar cregos na misa.

ROSA

Non, ho, para iso si que non sirven...

XURXO

¿Quen cho dixo, miña irmá?

ROSA

Os meus ollos que o ven...

SIN PERNAS

¡Ai mociñal Para mudal-o misal, erguer a ca-
sulla, ripinicar na campanilla e apurar as vina-
xeiras, se cadra, inda podería apañarme. A si
soubera o latín...

XURXO

Con que o deprenda teu compañeiro... entr'os
dous faceríades un monaguillo compreto.

ABRÁQUICO

Iso é verdade.

ROSA

D'aquela, si.

XURXO

E logo... para que falabas. (*Con fachenda bulrona.*)

ELECTUS

Xa dixen a miña misa pol-as ánimas benditas que viven na sinxeleza do campo.

ABRÁQUICO

E nós xa ouvimos a nosa de todol-os domingos e festas de gardar... de porta pra fora da Eirexa.

SIN PERNAS

A duas chegamos hoxe...

ROSA

Logo non vides da pousada...

ABRÁQUICO

Canté, d'amancer xa saímos de cás da Cipriánilla, cabaleiros no noso borriquito, para pedirmos esmola en dúas parroquias... Estou canso...

SIN PERNAS

Tamén eu.

XURXO

Moito vos pesará a faldriqueira...

ABRÁQUICO

¡Malpocado! Unhas poucas cadelas. Deica diante xa será outra cousa si El Señor o quer. Axíña comenzarán as romarías — ¡probes de nós sin elas!— e entón inda se pode facer algo.

ROSA

O vran davos para pasalo inverno.

SIN PERNAS

Con esta pequena axuda de todol-os domingos imos gobernando. Pro sin as festas do vran, non poderíamos vivire.

ABRÁQUICO

E sin que houbese boas almas, com'a Cipriani-lla, tampouco. Mal nos iría si ela non agardase ó vran para que poidamos pagarlle moitos gastos do inverno.

SIN PERNAS

E nunca nos apura, nin dá presa... É parcial abofé para os probes.

ROSA

Por boa e ben aguda témola os veciños.

ELECTUS

(*Que semellaba iludido*). Aguda com'un allo, con dentes de tiburón e boca de balea...

ABRÁQUICO

E logo non é aguda unha muller com'a Cipriánilla que non quer na súa pousada mais que probes que non teñan defectos igoaes porque d'outro xeito o doado é que rifasen antr'eles?

ROSA

Home, si xa llo teño ouvido... e sóbralle razón d'abondo. Porque un supoñer, se na pousada lles dese casa coberta e compango a dous sin pernas, coma ti (*siñalando ô eibado dos remos inferiores*), dous tocos coma ese (*pol o abráquico*), dous cegos, e dous xordo-mudos... nunca habería paz pol-a competencia no choio.

ELECTUS

Ela a condanida, —inda que non ten letras— lévalle a contra a un poeta inglés que era cego e que dicía que a verdadeira igoaldade consiste en tratar desigoalmente ós desiguaes.

ABRÁQUICO

Non oídes o balbordo dos que xogan ós bolos,
aló embaixo.

XURXO

Seique querías xogar tí. (*ríndose*).

SIN PERNAS

Se fose o fútbol, aínda...

XURXO

Home, para que houbera poucas trampas to-
dol-os futbolistas deberían ser com'a il é.

ELECTUS

Xa estiven na boleira. Gosto de ver xogar os
bolos baixo o velarium dos castiñeiros afrodi-
síacos que peneiran raiolas de sol e sombra encol
dos torsos dos nosos mozos, irmáns dos atletas
xonios que ceibaban o disco nos estadios d'Atenas.

ABRÁQUICO

(*A Rosa.*) Con este soliño vose tendal está
d'embora. A roupa tendida, ó xeito d'esos trapos
brancos, lémbreme as velas dos pataches nas ma-
riñas do ceo azul da mariña.

ELECTUS

Hastra os montes poñen seus brancos farrapos
de nubens que parecen as almas d'eles saíndolles
do corpo, a tenderen no azul.

ROSA

A roupa con este día ficará com'a folerpa da
neve.

SIN PERNAS

Para que logo a emporquen os señoritos... ¿Vos
non lavades pr'a vila?

ROSA

Algo inda lavamos.

ELECTUS (*Decátase de que chega a señora
Maripepa carón de Rosa*).

S. MARIPEPA

Ai, o meu Xurxo tamén está eiquí. ¡Todos a
folgar! Benia que é día d'acougo...

ELECTUS

Velliña trafegadora déixelles rir ô sol n'este
relanzo de festa co'a ledicia de día séptimo, de
que falou un tolo com'a min. Abella d'ouro, abe-
llas d'ouro que chuchades o mel do sacrificio nun

cotianismo probe, resinadas e ledas, sin siquer sabéredes que sobre de vós desce co'a gracia velaiña do luar a sorriso melancónica e doce do neno Xesús. Recencendo a escuma de xabrón e a roupa vella con mendos batida ô compás d'unha cantiga popular contra dos callaus que lambe de cote a risada de cristal do río, tendes a ledicia franciscana d'eses brancos trapíños que enxoita o sol n'estes tendaes das terras remendadas con pezas de prado verdecente, de trigos e centeios marelos e de anacos de humus ocre, que reciben o avalo da bris coma bandeiras de paz. Sodes patria de novas geórgicas que abenzoaría o mesmo Virxilio. Vellas e mozas do verde agro onde nacín, que nunca como deica a hoxe fuxa dos vosos beizos a volvoreta branca da sorriso d'Amarilis que n'eles pousou desd'os orixes para rimar co'a lua espelleante da i-auga das pucharas ladroa d'estrelas ô chegar a noite.

ABRÁQUICO, (*ô sin pernas* ¹)

¡Predícache guapol

SIN PERNAS, (*ô compañeiro, baixiño*)

Por iso o que sabe inda que estea tolo ..

ELECTUS

...¡Pés que abríchedes moitos camiños entr'os felgos e as chourimas da aljeia, deixando n'eles, como mapolas, vivas pingotas do voso sangue! Mans que nunca pillaron a fouce mais que para

segal'a barda d'ouro ardente do trival no mes de Sant-Iago nin o sacho e mail-o biello agás que fose para abrir os sucos do terreo e para recoller a herba moll! Manseliños e calmudos d'abondo com'a vaca d'ollos redondos, rumiñades nos vosos ollos a paisaxe que vos vexetaliza para séredes na vida inxela Natureza!... Vidas rústicas acuguladas de todol-os celmes da terra nai, eu dígo-vos que Cristo vos levaría ledo na súa compañía se voltase ó mundo, canda San Xosé e a Virxe, para amostrollar de novo ós homes das vilas malditas e farisaicas, com'os sepulcros branquexados do Evanxeo, os vieiros de bondade sin lixos onde xa somentes poden prender as verbas do sermón da Montaña.

S. MARIPEPA

(*En voz baixa*). Está ben iludido o probiño...
¡Que pena para o pai que o criou con tanto agarrimol

XURXO

Faría un bô crego.

ROSA

Daría xenio velo falar no púlpito espricándonos a doutrina.

ELECTUS

Crego non'o quero ser hastra que Cristo volte á terra; e ten que voltar axiña para trallarlles c'o

lóstrego dos seus ollos e co berro de trono da sua voz òs que non termen de vós, abellas d'ouro d'aldeia e dos probes que inda inúteis para ganalo pan teñen que se botaren a pedir esmola arrastados pol-os camiños de romaría. Traballadores de domingo, Cristo vos salvará! ¡Arriba os probes do mundo! ha decir d'aquela o que entón volte a nós disposto a ser o Bi-Redentor dos homes, apreixándolle co'as suas mans que nunca pillaron moedas unha das dúas mans —a que non fede a materialismo— do Xudeu da Internacional.

XURXO

Fala com'os que poñen copras nos libros.

ABRÁQUICO

Seique lles chaman poetas.

ELECTUS

Poeta son porque son tolo. Todol-os poetas teñen que ser tolos.

SIN PERNAS

D'aquela...

ELECTUS

Para que vos decatedes de como ben digo que os poetas percisan loucura para ben cantaren ou-

vide este conto que eu lin e sabereis entón de que xeito nasceu o primeiro.

ROSA

Cóntanos, cóntanos contos que contas que mesmo dá xenio.

ELECTUS

(Logo que todos s'achegan a él). Cando El Señor tivo criado o mundo chamou a todol-os homes para repartir a terra entr'eles. Foilles dando seu lote de terra a cada seu, e despois que ficaba repartida — ¡non sabía, sabendo canto hai que saber que mais tarde inventaríanse os abogados para obrigarlles a pleitearen pol-as leiras!— decatouse de que un mozo, de xoennllos n'un cómaro ollaba ô outo sorrindo... El Señor fíxolle acenos, e o mozo volveu a cabeza. Entón perguntoulle: ¿E ti non tés lote? El respondéulle que non'o tiña. —Pero ¿porque non mo pediches a tempo, rapaz? ¡Pois agora xa terás que ficar sin terra para vivires!— berroulle Deus engadindo: Non sei que facer contigo. ¿Porqué te haberás distraído? E o mozo dixo: Por mirar ô alto, por mirar ô lonxe. Riu El Señor con risa absoluta ateigada de dozura, ceibándolle estas verbas: «Xa que non che poido dar nada na terra, haberá sempre no ceo un recuncho para tí...» Aquel mociño, loiro e branco, foivos o primeiro poeta.

S. MARIPEPA

Pol-o ben que vos fala, coido que podería ser

parrafeador entre mozas com'os millores parrafeadores do meu tempo.

ABRÁQUICO

Que parraftee con Rosa. Ela ha de se parecer á nai... que din foi boa parrafeadora.

TODOS

Si, si, que parrafeen. Que parrafeen.

ROSA

Eu, inda que pouco, algo seivos parrafear por copras.

XURXO

Logo ¿non lle tes medo a Electus?

ROSA

Nin ô cego das feiras que por acolá ben canda o Xordo mudo que lle serve de lazarillo. ¿Parrafeamos ou non, Electus?

O VELLO CEGO, (*achegándose c'o xordo-mudo
que trai nos beizos unha risa parva*)

Deus vos conserve a todos a vista e a saude.
Seique, pol o que oio, estades de rexouba.

ABRAQUICO

O Electus e a Rosiña teñen un desafío a copras.

O VELLO CEGO

Pois que oíamos esa regueifa.

ROSA

Hala, Electus, veña xa.

ELECTUS

Vai agora... Pro agarda un momentíño. A que parrafee conmigo ten que estar ben enfeitada... Toma este agasallo de copreiro. (*Saca do peto, amostrándoas fachendoso, catro cereixas unidas dúas a dúas pol-as verdes caudiñas entre si*): Pendentes de coral do mar do ceo para orellas de moza nova.

ROSA

Cereixas trás, Electus.

ABRAQUICO

Cereixas que sô volvéndome pardal podería eu roubar da cerdeira.

ELECTUS

As primeiras da cerdeira do muíño. Dependú-

raas das orellas. (*Dándollas a Rosa que as pon, ríndose, a xeito d'arracadas.*)

ROSA

Seique me acaén ben. ¿Poido ou non poido chufar? (*Coqueta e máis risoña.*)

SIN PERNAS

Para tentares a un santo.

ROSA

Sin pernas non che conezo ningún.

ELECTUS

Ei, xa comenzo o parrafeio (*Fitando a Rosa seriamente c'o que lle fai ceibar unhas ledas gargalladas.*)

Un buraco na meixela
ô te rires che se fai...
Deixa que cho bique Rosa,
déixamo; Rosa, bicar
que si logo te pos sería
ninguen o conecerá.

ROSA

Este goíño da cara
ti non'o queres bicar
porqué senón ond'a xente
non dirías o cantar.

ELECTUS

Abóndache a razón, nena
e te bicar non pensei...
Achégate e ô pe d'a orella
un segredo che direi.

(Rosa fai acenos de desconfianza).

Xa ti sabes que o bon galo
ás veciñas ténlles lei.

ROSA

Dí logo Electus o conto
póis coido que me tés lei,
pro si él é conto d'amores,
pérdel'o tempo, ben sei.

ELECTUS

Non ch'é un contiño d'amores
o que ch'eu quero contar.
E este segredo... escoita...

*(Rosa achégase bulrona e rideira; Electus fai
que lle fala ô ouvido para beixarlle a orella cos
beizos. Como non di nada, ela indícalle con un
xesto que non sabe que lle falou).*

¡Que te biquei sin falar!! *(Con risa tola.)*

ROSA

(Con finxida seriedade)

Non chufes que o ladroeiro
sô podería chufar
si a roubada se deixara
de boa gana roubar.
O mozo que ben me bique

(Con fachenda engaioladora)

ha de ter a man lixeira,
com'o da copra ha pillalo
sin avalar a roseira.

ELECTUS

Sin avalar a roseira
a Rosa altiva pillei;
ben sabes n'avalei ponla
nin unh'a espiña topei.

ROSA

(Con meiga risa de folerpas no caravel da boca)

Es agudo com'un allo
pr'ô parrafeio o millor...
Si o meu amor xa non dira
daríache o meu amor.

ELECTUS

(Con surrateira malicia)

Agora non fiques xorda
como outra cega quedou,
porque si xorda quedaras...
este conto s'acabou.

S. MARIPEPA

¡Ben cho decía eu! ¡Benia á nai que o deul! Sin ter costume de parrafeear, parrafea como ninguén.

Mentras a vella di estas verbas, uns atruxan e outros baten co'as mans).

O CEGO

Para as regueifas, si él quixera, non habería outro millor en tod'a nosa terra. E din que está tolo... ¡Tolo, porras!... Pois a mais d'unha e de cen podería tolear él si lle petase.

S. MARIPEPA

(O fillo) Electus faceríalle galanas copras ó cego.

XURXO

Ai, si, mi madre, abofellas.

ABRAQUICO

Es bô galo de peleia, hom.

ELECTUS

Pro non galo galeador. Con galiñas e mulleres sempre gosto de ser galante.

SIN PERNAS

O malo é que esa galiña x'a ten d'ollo un raposo *(siñalando a Rosa).*

ABRAQUICO

Si qués que eu faga de tanguero.

ROSA

Home, *si...* (*ríndose*) serves tí pra espanta paxaros coma ese teu compañeiro para escurréntalo golpe.

XURXO

...Ou para pillar lebres e como aquel que é xordo-mudo para tocar a zanfona...

SIN PERNAS

Ou com'o cego para cazare vermes de lus ou vagalumes.

CEGO

¿Que dis tí... sapo sin remos de couce? Sabe que inda hai cegos que atopan ás apalpadas algunha boa agulla no palleiro.

SIN PERNAS

Atopar atoparana, pro o que é nebrala a xeito caro lles ha custar.

(ROSA *esmilágrase de risa, canda os máis*)

CEGO

Non te rías, nena, non vos riades vós, porque
si unha moza se estalicara na palla do meu pallei-
ro inda abofé faríalle cantar romances...

ABRAQUICO

Pro inda, así eu, ¿vostede s'atrevería a romper
unhas mangas»...

CEGO

(*Encabuxado*). Logo de che dar a tí un corte
d'elas xa que tí non'o podes dare... ¡porral

(*En total-as bocas co'as suligras da malicia
os rires fáñse gargalladas plebeias*).

XURXO

Canté, cos retrousos do cego. Xa din alí que o
bó músico nunca perde o compás.

A CIPRIANILLA, (*que chega xarela e teimosa*)

Boa rexouba tendes. Deus o faga para ben.
Rides coma condenados.

SIN PERNAS

Mais val rir que chorar, patrona.

CIPRIANILLA

Abonda conqu churimiquestes cando para engaiolar romeiros e lles arrincal-os cartos ceibades rosarios e ladaíñas de lástemas entr'o pó dos vieiros veciños das festas. Os vosos prantos e os vosos laios que carpides por rutina, a min xa non me fan mágoa no corazón.

SIN PERNAS

Pois de ruin abofé sabemos que non ten miga.

CEGO

El Señor lle conserve a vista para nos seguir ollando con agarimo.

ABRAQUICO

E San Migueliño das uvas maduras deixell'as mans para sandar'os malados e amasal-o pan que nos dá.

SIN PERNAS

E os remos para o trafego...

ELECTUS

E o demo que tripa San Miguel, o xendarme do ceo, ll'estoupe no trais regalándolle os cornos para remendar virgos de cegas d'amor con liño de

cama cameira. Parecedes o eucaliptus, arbre-Xa-
no de duas crás de follas que nas romarías do
noso verde pide esmola mostrando o corpo des-
pelexado.

CIPRIANILLA

Lingua de tolos é coma lingua de gato.

ELECTUS

Goréntanche mais as dos cans serviles que fin-
xen dozura por med'ô pau.

CIPRIANILLA

Fai moito que aras nas leiras da lua...

ELECTUS

Desque te vin d'acabalo dos seus cornos, co'a
moa do xuicio careada e fedenta.

CIPRIANILLA

Óyote coma quen ói chover.

ELECTUS

Pois, para min, como se foses xordo-mudo, o
mesmo que aquel...

Chega Pedro con desmaiados andares.

PEDRO

Moito bon hai hoxe por aquí.

ELECTUS

Santificando o domingo os traballadores das festas. Un ensaio xeral de pedichós d'oficio arredor da súa santa patrona do inverno.

ROSA

Un adianto da primeira romaría. E ese probiño conténtase con mirar e rir... (Pol'o xordo-mudo).

CIPRIANILLA

Si eu volvera ós anos mozos, vel-aquí tendes o meu perferido.

ROSA

Inda poden facer trato...

ELECTUS

Sería o mellor compañeiro para ela... ¡Como non oi nin fala! O mesmo que a Sabela para ese...

CEGO

¿Para quen?

ELECTUS

Para ti, hom. ¿Non sabes o conto da Fonte dos Santos da Illa verde?

CEGO

Non, meu amiguíño, non cho sei.

ELECTUS

Pois era un matrimonio de cegos, que se levaba ben, hastra que un día lles deu por beberen auga d'aquela fonte, avegosa para recobral-a vista... que recobraron de súpeto despois de bebela para a desgracia d'ambos; porque desde entón, home e muller que nunca riñiran entre sí escomenzaron a leixarse, a leixarse para ô fin arredárense, saudosos do amor que a cegueira lles dera.

CEGO

Para eso...

PEDRO

O que discorres, Electus... (ríndose) ¿E a Sabela? (*En voz baixa á Ciprianilla*).

CIPRIANILLA

Deixa en paz a quen non se lembra de tí. Respeta a teu irmán.

PEDRO

¡Ai que trosma maliciosa! Seique non'o veño de vere. Pol-a fraga estiven cabo d'él.

CIPRIANILLA

(*Simulando doenza*). Non cho decía por mal. Pro como ti comes allos.

PEDRO

Piqueime sin motivo. ¡Xa ora! Proveito para tí que cando che convén finxir que tes corazón de manteiga andas a ulir cebolas.

CIPRIANILLA

Xa chorei canto hai que chorar. Inda que teña acibro no fol da gaita, non é miragre, ¿sabes gai-teiro amocador? (*Arredándoo dos muis*). Leio en tí millor que nas cartas da baraxa. Por algo son naipeira e manceña. Pro non te fagas ilusións. Es mal irmán do teu irmán xemeo. Envenenóuchese o sangue. Pro mentras eu teña folgos e ela viva na miña casa, no meu agarimo, non cairá nos teus brazos, que a deixaron soíña despois de lle roubaren a inocencia. Amolas tixeiras e navallas, pro a mín inda non me amolas tí.

PEDRO

Tí metíhell'a meu irmán Xán pol-os ollos.

CIPRIANILLA

Pol-os ollos que tí de cegos non quixeches... e que agora qués porque son froita prohibida para todos, agás para o que cand'a tí veu ó mundo d'un mesmo ventre. Conezo a fachendosa ruinda-de dos homes... Safu da Sabela o de querere a Xán. Eu sentín ledicia por iso, porque d'eu morre-re, xa terá quen a protexa e quen lle sirva á pro-be de lazarillo no mundo. ¡Fixen unha bóa obra, inda que as vellas lemáchegas que lle lamben o balandrán ó abade me alcumen e me chamen alcayota!

PEDRO

Pero si eu quero a Sabela...

CIPRIANILLA

Despóis d'a veres ben querida por outro do teu sangue. Orgullo ferido de macho que non soporta desdés das mulleres que porque unha vez foron suas, coida que sempre han d'estar en quero-lo. Póis, Pedro, meu Pedriño, eu non che paso pol-a galla do carballo crebaduras d'homes. Paso as dos rapaciños inocentes. E tí, eibado de celos quererías que eu erguendo á Sabela nos brazos coma unha criatura dixera, n'unha noite de sábado e de lúa para o teu regosto: «Toma Pe-dro e daca Xán».

PEDRO

Hache pesar o mal que me fás. Naipeira liosa, manciñeira do demo...

CIPRIANILLA

Máis que me pese. ¡Demo d'homes que parecen cásl

ROSA

(*Chiscando o ollo*). Eche ben certo que os afiadores e os cordeiros sempre trán cand'a eles o mal tempo. ¿Non abonda con qué vaian ocultando o sol as nubens mouras? Mirade pra alí... (*sinalando o firmamento anubrado*).

PEDRO

Tamén tí a pinchares...

ROSA

Non che hai rosas sin espiñas.

S. MARIPEPA

E choverá hoxe, se cadra... Ogallá que non chova... senón a miña roupíña...

ELECTUS

(*Que andaba de vagariño, alleo a todos*). Pedro, agacha os cornos de caricola conqué pitas pol-as vilas co cascarón da roda nas costas. O abade é un merlo negro, e eu non quixen ser lemáchega. Formiga de Seminario, troqueime en verme de lús e agora xurdíronme aas de volvoreta e aguillón d'abella, lêndo as metamórfosis

d'Ovidio. Ponte a incubar volvoretas na crisálida do fol da gaita para que as follas roxas da Rosiña volvoreteen no ar e todos estes probes farrapos da vida bailen a feito muiñeira infernal. E tí, Ciprianilla do demo, monta no rabo da basoira para comulgares con rodas de muiño no muiño do meu pai, desque che enfeiten a casca de noz das fazulas con foula de fariña triga a ver si d'aquela c'o lolo de cabra nos miolos serves de meiga alcayota, como a lúa que me aluaróu a mín...

CIPRIANILLA

¡Doud'as túas ladaíñas! Tés, así Deus me salve, máis esfrangullados os miolos que o farelo na peneira.

ELECTUS

Teus ollos de pecadora confunden o pô de estrelas do camiño de Sant-Iago co'a fariña que amasas na maseira. Eu sempre miro pr'o ceo.

CIPRIANILLA

(Desligándose da caridosa fala disculpadora dos ditos do tolo que a señora Maripepa lle ofrenda). Pois a fariña da hostia desce a cotío á aldeia por mandado del Señor que naceu n'un pesebre... ¡Si miraras mais pr'a terra non che se amolecerían os miolos!

ROSA

Non faiga caso, señora Cipriana. Soségate, Electus, soségate.

CIPRIANILLA

Voume, voume ô meu trafego... Con bágoas nos ollos Pedro, inda que non ulín cebolas. Faigo ben e non coidan que o faigo, non faigo mal e por ruín téñenme todos...

S. MARIPEPA

Todos, non, Cipriana...

ABRAQUICO

Non se poñía así, patrona.

ROSA, (*vendo marchar a Ciprianilla*)

Vai a probe enrabeçada. Os homes sodes ruíns. ¡Estábamos todos tan ledos!...

ELECTUS

(*A gargalladas*). Imos agora a estalo mais. O vendabal que pasa sempre a rás do estrume xa marchou apañando as follas muchas do outono.

ROSA

Xa non'o coido doado. Alegría que s'enturba...

ELECTUS

Se non é empozada volve a rir axiña nos remuíños da i-auga.

ROSA

Mirai o arco da vella...

S. MARIPEPA

San Silvestre se chove... Vóume recollel-a roupa. E tí non te descoides. (*Adéntase por detrás d'unha arbre. Todos fitan pr'o ceo*).

XORDO-MUDO

Uuu... u... u... (*siñalando risoño para él*).

ABRAQUICO

*Arco da vella
vaite de ahí
que as nenas bonitas
non son para tí.*

SIN PERNAS

*Arco da vella
vaite d'ahí*

PEDRO

Cata os que mais s'apuran para que non lles leven as nenas bonitas.

ROSA

Miñas xoias.

ELECTUS

Os que mais terían que odialas porque nunca
lles han serviren senon para meterlles na i-alma
o inferno da tentación.

ROSA

¡San Antonio bendito!

*Chega Sabela, tentando o camiño c'unha ca-
xata. Dos beizos dependúralle esta cántiga:*

*Non te lembrás, miña prenda
d'aquela noite de vran...
ti mirabas pr'as estrelas
e eu para as herbas do chán.*

PEDRO

(*A Electus*). A copra que eu non esquezo... e
ela canta en domingo.

ELECTUS

Porque a pillou no horto do romanceiro popu-
lar para chucharlle o recendo no longo camiño de
noite de todol-os días da súa vida. Copra, espello,
flor de primeira ofrenda venusiana, (*Mentras Rosa
vai ô encontro de Sabela*). Avanza baixo o arco da
vella Cipriana para tentar gaiteiros sin gaita e
afiadores sin roda.

XURXO

Ei, Sabela...

SABELA, *do brazo de Rosa*

Que sempre me poidan ver cantos agora me ven.

CEGO

E ós que xa non vemos...

SABELA

Tod'a saude que en min hai e ningunha tristura das moitas que no meu corazón anifian.

PEDRO

Hola, Sabela.

SABELA

(*Tacteándolle o brazo co'a man*). Pedro ¿non si? Hola...

ELECTUS

Tódol-os hóspedes da tua pousada.

SABELA

Ai, Electus.

ROSA

Todos agás un.

PEDRO

Meu irmán é o que falta.

SABELA

O probe no seu oficio. Gardando a fraga estará. Pero seguide na vosa rexouba. Tamén eu quero troular.

ELECTUS

Pois chegas a tempo.

SABELA

Eso quero.

ELECTUS

A rir mais, risoña Rosiña rousada...

ROSA

Non sei como

ELECTUS

Póndonos a brincar com'a nenos.

ROSA

Pro xa non'o somos.

ELECTUS

Agora a min ti con esas. Santifiquemos o santo domingo, sintíndonos bós. E sô poderemos selo canto mais nenos parezamos.

ROSA

D'aquela ¿que qués que se faga?

ELECTUS

O xogo da pita cega...

XURXO

Ben, ben.

ABRÁQUICO

Veña xa.

SIN PERNAS

Botemos a quen apanda.

SABELA

Gosto da ideia. Pro deixádeme a min apandal-a primeira

CEGO

Non necesitarán de te poñer pano nos ollos. Pásache o que a min.

ELECTUS

De pita cega unha cega; de xués de campo un cego maduro, troveiro e galeador. E o arco da vella — pallazo das núbens — brindándoll'a Cipriánilla unha comba para choutar d'acabalo do rabo da basoira. ¿Estamos rapaces?

TODOS

Sí, si...

ABRÁQUICO

(*Ó sin pernas*) E un tolo de lazarillo da pita cega.

ELECTUS

(*Que levou a Sabela ô meito do campón*). A ver a quen pillas. Anda sin medo... ¡Xa! (*Da unha palmada*).

Sabela, c'un brazo alongado para facer presa co'a cabeza erguida e a outra man apoiándose na caxata, baixo as núbens de chumbo que ocultan o sol que asoma a sua faciana de mosletes d'ouro de vez en cando por un rachón d'elas e baixo os coorís velaíños do arco da vella, ten belida fasquía de estampa mística.

ABRÁQUICO

(*Fuxindo grotescamente*). Por un pouco me pillas.

SIN PERNAS

Pois a min se me descoido (*dando un chouto de arrán*),

XORDO-MUDO

(*A correr*). Uuú... uuú...

XURXO

Pilla... pilla...

SABELA

Non m'empurréis.

PEDRO

(*Ollándoa con melancóneco aloumiño*). Vaille ser pouco doado salvar da panda.

ROSA

Eu me deixarei pillar.

PEDRO

Non, déixame a min.

Aparece Xan, o compañeiro da Sabela, pol-o camiño. Porta escopeta e bandoleira de garda-bosque. Ao se decataren da chegada, todos lle fan acenos de que non fale. Rosiña, indo a él dille algo pol-o baixo.

SABELA, (*sin o reconecer apreixándolle o brazo e tentándoo para identificación*)

Pillei ô mais forte e ô mais san... Pedro, era Pedro... ¿Pro non che dará vergoña? Non val fuxir xa.

RÔSA

Frío, Frío...

XÁN

(*Mentras todos rin, asperamente*) D'esta vez trabucáchete. Non son Pedro, que son Xan.

SABELA, *sourinte*

¿Quén sabía de tí? Xanciño, meu preferido, e preferido tamén da millor das pitas cegas.

ELECTUS

(A Pedro). Toma Xan e daca Pedro, como dí túa comadre a Ciprianilla.

CEGO

Logo seique pandou quen non andaba no xogo. Pois agora (*alongando a man ô ar*) que can pingotas do ceo, a ver se m'axuda algún a librar-me da pita cega da chuvia para que non me pofia como un pito.

ABRAQUICO

(*Facéndolle acenos ô xordomudo para que lev'o cego á casa. Este do brazo d'aquel andan de presa. A señora Maripepa, de lonxe.*) ¡Rosíñaal...!

ROSA

Vou pillal-a roupa; axúdame Xurxo. E tí, Pedro. (*Recóllenna entr'os tres, mentras chega a señora Maripepa c'un paxe.*)

ABRÁQUICO (*ô compañeiro*)

Ô caldo e ô compango, ti... e que chova (*camiñando*)

SIN PERNAS (*a choutos*)

*Que chova, que chova
eiqui e na Encrova.*

XURXO

(*De lonxe*). Pareces unha arrán. Agard'a i-auga para te chimpares n'ela.

SIN PERNAS

(*Voltando a cabeza*). Tamén lles gusta ôs sapos conchos, cró, cró... abur a todos. (*Rosa sae cand'a nai e o irmán*).

XÁN

(*Que falaba con Sabela*). Hastra logo, Pedro.
¿Qués xantar con nós?

PEDRO

Teño que ir cabo do abade para tratar da festa. Agradezo. Bon proveito.

(*Fican sôs, Pedro e mais Electus. Oíse o berro do abráquico: «que chova... que chova...»*)

ELECTUS

(*Dend'o cómaro*). Que chova, que chova moito; que o estrondo rolador dos tronos enxorde a todos e a luz de ziz-zag dos lóstregos co'a sua súpeta chisca a todos nos cegue... e que de tanto chover a terra seña un mar salgado e purgante que faiga gomitir os pecados do corpo e da i-alma. Como arca de Noé o confesonario do abade e n'él sô a se salvaren o xordo-mudo e a Cipriánilla, para seren Adán i Eva do novo paradiso. Todos no inferno choutando ô redor da pita cega. E eu gaveando pol-o arco da vella chegarei ô camiño de Sant-Iago e d'alí a crebal-a testa contra do Santo dos Croques. (*Ríndose a gargalladas*). Toma Pedro daca Xan, toma Xan e daca Pedro... Os estoicos querían purificar a terra pol-o fogo e pol-a auga; eu sô pol-a auga.

(*Oíse o lonxano renxer d'un carro de bois e Electus d'un chouto indo a Pedro*).

Escoita gaiteiro afiador que afías ciumes na

roda do corazón, ciumes d'aceiro que ceiban muxicas de carraxe, escoita mentras a gaita famenta de folgos durme sobre o punteiro, soñando soños de sangue, o nouturnio que eu fixen para ti; escoitao n'este meiodía en que embazou as nubens de pranto de chuvia o azul do ollo do ceo.

PEDRO

Dimo unha ves mais inda que me faga ruminar saudades de fel. (*Sigue a renxer o carro ó lonxe*).

ELECTUS

Paseniño, paseniño,—pol-a vella corredeira—o carro pasa renxendo—cal si entr'o eixo e as rodas—doente meiga esmagara.—Perto da xunta calmosa—diante dos bois marelos—d'olleadas melancónecas—que abaten case hastra o chan—as testas que o xugo forza,—camiña aguillada n'hombró—un rapaz d'altiva chola.—Sobre do carro o molime—arrecende que dá gloria—alongado en outa pía—que apretullan as congostras.—Tumba da n'el, cal n'un trono,—vai unha garrida moza—que dependura dos beizos—un alalá que namora.—Ôs seus ollos mal pechados—o ceo do vran asoma—con fitares solermiños—das doces popilas mornas,—que se pousan no rapaz—com'as abellas nas rosas.—Seu cabelo baix'o pano—lembra do millo a panocha—que aloumiña o sol morrente—co'as marilentas raiolas.—¡Qué milagre de pescozo—no aberto xubón amosa!—¡Casi se ll'erguen os seos—en mareira tentadora—cal si no peito acochase—unha niñada de pombas!—¡Que corpo

meigo, qué corpo!—entr'o inolime abandona,—tra-
guendo ô maxin lembranzas—d'outra ceres mito-
lóxica—que no canto do coturno—levase sinxe-
las zocas!...

(Pausa). —Pouco a pouco, paseniño—pol-a vella
corredoira—o carro sigue renxendo—com'unha
meiga chorosa.—Detrás d'os irtos penedos—que
os ermos cumes coroan,— n'un resprandor de fo-
gueira—o sol oculto se torna.—Baixo os apaxos
da brisa—n'un bico xúntanse as follas—das arbres
que nos camiños—poñen pantasma de soma.—
¡Cantade, merlos, cantade,—con meigas risadas
tolas—os idilios das aldeias—cheos de gracia bu-
cólica!—Xa brillan, vermes da noite,—pol-o val
luzes de chouzas.—Xa s'alcenderon no ceo—as
estrelas abegosas.—No caramillo de Pan—os ve-
llos sapos reloucan—e o Ánxelus tende as âas—
nos valados e congostras...—Porque do eixo do
carro—finou de súpeto a rousa—á i-auga a bulir
nos regos—é lingua murmuradora,—mentres nos
ollos de lus—das estrelas garimosas—pon mil gui-
ñadas a noite,—vella e eterna alcayota.—Os gri-
los fregan nos élitros—dos seus buratos á porta,
—cando no alto hourizonte—xurde lenta a lua
nova—cal fouce de prata, dina—de raíña segado-
ra...—E alá, moi lonxe, moi lonxe,—do ar envolto
nas ondas,—doce cantiga do pobo—meigo alalá
que namora—vaise esvaindo... esvaindo...—co-
m'un salaio de moza...

PEDRO

Sólo falta a cantiga que fai pouco cantaba a
Sabela...

ELECTUS

Era cantiga de sirena.

PEDRO

Pecharei as orellas para nunca mais a ouvir.

ELECTUS

Ulises pra se salvar das sirenas puxo virolos de cera nos ouvidos e fixo atar seu corpo ô mastro do navío. Non lle sirviu de nada. Millor é como Orfeo—e com'os mozos da nosa terra que para escurrantar o medo cantan e aturuxan na noite—cantar os propios cantos nos que non se vexa a propia i-alma. Non fites pr'o chan, fita pr'o ceo... ¿Non ves que o sol fuxiu para non miral o pecado rilando en domingo, chorar auga de chuvia pol os fillos de Rebeca—que xa rifaron no ventre da nai e agora afian a queixada de Caín— mentres baila unha muiñeira o arco da vella nemigo das nenas bonitas e amigo de poetas, pintores e gaiteiros..,

PEDRO

Ciprianilla do demo...

ELECTUS

É o alacrán que roe... Non esquezas de que o escorpión está no zodíaco por lle roer os calcañas a Hércules. E non esquezas tampouco que

hai duas estrelas xemeas no firmamento, Cástor e Pólux, que os mariñeiros chaman *Olos de Santa Lucía*.

PEDRO

Imos xantar. Non sei nada...

ELECTUS

Pidirei para tí un par de hovers fritos n'un prato, (*ríndose*) lembradores do sacrificio d'aquela santa virxe. E logo, moito bo viño, e a repinicar unha muiñeira na gaita. Imos, Pedro. (*Pasándolle o brazo pol-o hombro*).

!Téu carriño carreteiro
teu carriño!
¡O do eixo d'ameneiro
e os canisos de sanguifío!

(*Ceiba un aturuxo*).





ERCEIRO TEMPO

Noite de lúns e amancer de martes

Non te lembrás, miña prenda,
d'aquela noite do vrán?
¿Ti mirabas pr'ás estrelas
e eu para as herbas do chán!

A cociña da pousada da tía Ciprianilla. Amplia lareira. Unha fiestra ô fondo. Alzadeiros na parede con olas, pucheiros, cuncas e pratos. Unha artesa d'amasal-o pan. Unha alacea. Á dereita porta que se abre ô camiño. Á esquerda outra que leva ô coarto de Sabela e Xán, e un corredor en sombras. O caldo ferve a cachón no pote de ferro grande entr'as chamas do lume que beilan a muiñeira e o fume que rube en voltas e revoltas de tornelo para se atornillar na torca da gambota. Un antergo velón alumea o ván cheio de velaiñas sombras.

O Xordo-mudo, o Cego, o Eibado das pernas, o manco d'ambos brazos e o rapaz, lazarillo do Cego, agardan a cea que arranxa a patrona, ôrredor da táboa de pino sin mantel onde xa háchanse esparexidas cuncas de barro, xerras d'auga, vasos, coitelos e culleres de buxo. Alguns escoan a fame en bostezos.

CIPRIANILLA

De contado vos darei o caldiño. Ti, rapáz, pillá o pan da lacea e curta anacos d'él para todos. Hoxe demoreime d'abondo por mor de se ter finado o tío Andrés, o veciño, e véreme na obriga de ll'ir facer compañía á muller do probe vello. ¡Ai, non somos nada! A morte ven cando menos s'agarda.

ABRAQUICO

Pois pol-os anos que din tiña o defunto si ele non agardaba a morte a morte agardou d'abondo por él. Se por nós agarda tanto.

CEGO

Non che viría mal. Porque ben non'os irá n'este mundo, pro no outro, si o hai, non sabemos se nos ha d'ire mellor.

SIN PERNAS

Mentras se vive e hai folgos, vida e dozura.

CIPRIANILLA

Ou inferno e acibro. Que hai mais d'esto que do outro.

ABRÁQUICO

Hai, señora, hai.

SIN PERNAS

(*Ouvindo falas dentro do cuarto*) Seique andan a s'arrolaren os rulos.

CIPRIANILLA

Es ben parvo, ho. ¿E diciremos que non teñan tempo de o faceren n'outras horas milliores? (*Ollando o pote*). O caldo xa ferveu d'abondo. Chama-reinos pra que veñan a cearen pois logo eu haberei de voltar ô velorio do Tío Andrés, que Deus haxa na sua santa gloria.

CEGO

Amén.

CIPRIANILLA

(*Petando cos cotenos na porta do coarto*). Ai, Xan e Sabela... ¿vides ou non a xantar?

SABELA

(*Drento*). De contadiño imos, señora.

CIPRIANILLA

Vinde logo. (*Vai pondo as cuncas a xeito, co'a axuda do rapaz, que d'antes xa tallara pan en anacos para cada seu dos compañeiros, e botando n'elas c'o cullerón o caldo fumegante. Todos se arrechegan á táboa cubizosos de comeren*).

XÁN

(*Saindo cand'a Sabela a que acomoda no talló*). Xa se ve que andas de presa, patrona.

CIPRIANILLA

Ora decatáte Xan. Hai que comprir c'os veciños. Hoxe por uns e mañán por outros.

XÁN

Así é, muller.

SABELA

¡Que bó era o difuntiño!

CIPRIANILLA

Un santo, ña nena, un santo varón.

XÁN

(*Levándolle á Sabela as mans á culler e á cunca*). Hala, que terás fame.

SABELA

Non moita. Vai para días que sinto desgano.

CEGO

Pro comer e rascar...

SABELA

Asin di o refrán.

ABRAQUICO

E ás veces di ben.

XÁN

(Emprinciando a xantar despois de ter botado anacos de pan no caldo o mesmo que os outros). Que nos aproveite a todos.

CEGO

A todos.

CIPRIANILLA

Tampouco eu, Sabela che teño miga d'apetito.
(Petan na porta). ¡Adiante quen seña!

SABELA *(a Xán)*

Paréceme teu irmán.

CEGO

Si o é ven en compañía.

ABRÁQUICO

Os que non vedes cos ollos tendes ollos nos ouvidos.

SABELA

Gracias al Señor. Si así non fose...

(Abrese a porta que estaba rechegada e as sombras de Pedro e Electus devanceiras dos seus corpos alórganse xuntas pol-o chan e ruben pol-a parede, deica o teito.

PEDRO

A paz de Deus.

ELECTUS

Boas noites a todos.

CIPRIANILLA

¿Qué milagre?

PEDRO

¿Milagre?.. Primeiro, bô proveito.

CIPRIANILLA

Si tedes vountade de comer...

PEDRO

Gracias. Pois eu vou camiño da cás do tío Andrés. E este (*por Electus*) que coma de cote non perde velorio, atopóume e na compañía vimos.

SABELA

(*A Xan*) Moito se buscan os dous.

XÁN

(*A Sabela*) Tódol-os tolos se xuntan.

PEDRO

Vimos eiquí lús, ouvimos falas e quixemos saudar.

ELECTUS

¿E ti non vas Ciprianilla?

CIPRIANILLA

Eu, agora mesmo, de contadiño que remate esta laboura.

PEDRO

¿E meu irmán?

XÁN

Eu, pol-o d'agora non poido. Anda por ahí o inxenheiro e non quero que me colla en folga.

Chegareime á fragua, e de amanecer caerei pol-o velorio.

PEDRO

De maneira que hoxe...

XÁN

Non catarei o leito.

PEDRO

Mal oficio o meu de afiador, pero o de garda-bosque... se os inxenheiros non folgasen con frecuencia...

CEGO

Si hai que ganalla vida, tódol os meios de a gañar sonvos cativos.

CIPRIANILLA

Xa vos deixo. Descansai ben. E séndeme formalíños. ¿Ven algún? (*Vai pol-o corredor e volta c'un mantón*).

CEGO

Que El Señor vaia cand'a vostede.

ELECTUS

(*A Pedro*) Nós non temos presa.

PEDRO

Pois agardaremos un pouco, si qués.

ELECTUS

Agardaremos. (*Séntase no escano da lareira*).

XÁN

(*Despois de falar pol-o baixo con Sabela*). Tamén eu saio. Agarda... (*á Ciprianilla*). Vaia, hastra mañán, meus amigos.

PEDRO

Hastra mañán, meu irmán.

TODOS

Hastra mañán...

Saen a Ciprianilla e Xan. Sabela acompañaos á porta e volve ó pouco tempo).

ABRÁQUICO

(*A Electus*) ¿seique nos vas a contar un conto?

ELECTUS

Hoxe non está o forno para bolos. A friaxe de cadavre xiou o da Ciprianilla. Hoxe vento morte.

CEGO

Hoxe para ventalo non se percisa ouvido de curuxa nin fuciño de cán. Haino ben perto de nós.

ABRÁQUICO

Logo, xa que o outro non quere, vosté cóntenos un conto (*o cego*) que moitos haberá de saber.

CEGO

Seinos, seinos abofé. Pro hoxe non quero contarvos dos que fan rír.

SIN PERNAS

Inda que nos faga chorar.

CEGO

Non é doado que choreis os que estades afeitos a vos laiáredes con saloucos de coma quén para amolecer corazóns de romeiros.

SABELA

(Voltando a sentarse ás apalpadas no cabo d'un tallo, sola). De que falais...

PEDRO

(Chegándose a ela). D'un conto que vai contarvos o cego.

SABELA

¡Ai! Conto de cego gorentarálle a esta ceguíña;

CEGO

(*Erguéndose*). Ouvide logo... Era un méndigo estranxeiro acochado en farrapos. Vello, velliño que percorría moitas estradas e corredoiras c'un fatelo dependurado dos hombros para gardar as esmolas das boas almas. Apoiado n'unha caxata de bico de ferro co'a que escurrentaba os cáns de palleiro ós que tiña que disputarlles com'a nós o leite de palla dos alpendres cando a caridade lle permitía pasala noite n'eles, andaba, andaba d'un lugar para outro.

ABRÁQUICÓ

Hastra d'agora...

SABELA

Non señas estripa contos.

SIN PERNAS

Ben dito,

CEGÓ

Pois amigos d'El Señor, unha mañán do vran pol-o meio día chegou famento e canso a miña aldea. O Sol, se Deus o dá, aburaba as pedras.

para canto mais ôs homes. E o probe petaba co'a caxata nas portas pregando un ben de caridade, Mouró o seu sino aquel dia. Ô «Deus o ampare», d'unha porta, seguía o «Non se pode dar a todos» que nós conecemos e sufrimos ben.

SIN PERNAS

Así eu...

CEGO

...«Irmanciño, outra vez será», díxolle unha boca bermella de moza con meixelas de cerdeira veó sutil de sol e sombra na testa cando o probe vello, xa sen folgos, ventaba o recendo do pan quente e do caldo afumegar co'a fame irresistíbel máis desperta que nunca. «¡Que o ampare El Señor!» E o vello a camiñare, tremelante, como bebédo, pingando friaxe de suor e c'un salouco de boi ferido nos beizos páledos. A verde paisaxe con bafo de forno e scintileos de lus cegadora do sol, xa chantada nos miolos, bailáballe drento como soño de febre. Chegou á sombra fresca dos ameneiros d'un muíño. O muíneiro que brincaba co'as mozas malicioso déu en tomalo por ebrio. «Mira para o que piden esmola estes vellos»—dixo sin saber o que dicía. E antre gargalladas tolas o vellíño seguiu o seu calvario, sin crus ás costas porque os fachendosos de seren bós cristianos arrapiñaron xa vai tempo todas para a cabeceira dos seus leitos moles e das suas mesas colmadas.

SABELA

Ten razón abofé.

...A presa do muiño era toleirona fervenza de risadas. Hastra a roda do rodicio bulrábase do probe méndigo. Andando un pouco máis, paseniño, sin siquera se decatara que andaba, chegou veira do río, no que o ceo azul tiña espello nidio e cristaiño. Auga limpa, moi limpa e acougada. A saloucar choroso, un pranto de neno, apousou de súpeto no ribazo da orella, verde e mol. Un salgueiro que tremelaba en reflexos d'ouro, sombra e esmeralda, no fondo da corrente, parecía chamalo así, abrindo as ponlas tal que brazos fraternas, como ningún cristiano o fixera en tod'a xeira da mañán... E foise a il sin se dar conta, descendo arrastado pol o ribazo... ¡A iauga acochóuno amorosiña! Tivo así descanso n'aquel asilo azul de Deus. Díxolle o «requiem» un merlo negro de bico de cera marela. (*Pedro pétalle a Sabela no hombro e ela fai un xesto de desagrado*). Unha lemáchega, negra, caricola sin casa ô lombo, com'a il, e coma nós, bicoulle c'os cornos á caxata orfa de dono. E cando a campana da Eirexa tanxiu as badaladas da oración, á hora das doce, e os cristiáns que lle negaran un anaco de broa, dicían: «El pan nuestro de cada día dánolo hoxe», xa o vello méndigo estranxeiro no seu e en tódol-os países da terra, non tiña fame porque volto neno Nosa Señora das Angustias c'o pano do pe da Crus enxoitáballe suas derradeiras bágoas, mentras o aloumiñaba no seu colo c'un canto de berce...

SIN PERNAS

Com'as virxes de pedra dos cruceiros ô Noso Señor.

SABELA

O mesmo. ¡Belido conto!

ABRÁQUICO

Era bô para chorar. Adrede par'o velorio.

MANCO

Relembro do mañán que a tódol-os probes nos agarda.

PEDRO

(*A Sabela en voz baixa*). O merlo sempre bon, nos contos e na vida.

SABELA

Cando non di «requiem» por vellos famentos e por ollos cegos. ¡Ai compañeiro no mal de Santa Lucía... E non haberá un ceio difrente para os probiños probes da terra, e os ricos ricachos do mundo?

ELECTUS

Eu somentes sei que a cencia, ladroa dos segredos da Natureza, descubriu que esta insobornabel xusticieira que peta casi cos seus cotenos igoalitarios o mesmo nas cabanas dos pastores que nos pazos dos reis, puxo as cousas mais alimenticias para os homes—chamadas vitaminas—no que lles é mais doado comer ôs probes: nas pe-

licas das froitas que os ricos dispreciaron hastra agora.

SABELA

Pero ¿porqué, Electus, non han ser millores do que son os cristiáns?

ELECTUS

Porque xa os cristiáns teñen cristos de prata, ouro e brillantes. E a nai do que non quixo ser rei da terra coroas riquísimas de raíña... Por iso eu vos quero a vós como quero ôs felgos que non quer ningúen. (*Amostrando un que saca do peto erguéndose do escano da lareira*).

ABRÁQUICO

¿E que é eso?

SIN PERNAS

Un felgo, así eu.

ELECTUS

Os felgos —¡védelos!— serán a crus do novo Papa cando Cristo volva á terra, porque nasceu nas terras probes onde nunca houbo mosteiros; na sombra dos pozos, nas fendas das pedras, nas orelas das curripas poirentas que viron murchar silveiras, para galanía do irto, no que non se canta nin namora, tan fortes e homildosos que xa pen-

so, como pensan moitos dos trapenses, si a sua é infra homildade ou supra soberba... O mesmo que vosoutros, farrapos da Natureza, pero milliores que vós porque non piden esmola nin se laian das máguas.

SIN PERNAS

A tia Ciprianilla dí que teñen virtude contra das lombrigas do ventre.

ABRAQUICO

Pois ela ten sona de boa manciñeira.

SABELA

Deixai falar a Electus.

ELECTUS

Moitas veces teño matinado (*O abráquico*) en que si tiveses o bálsamo de Fierabrás xa teu compañeiro do vivir méndigo non sería home con brazos porque tu llos tallarías unha noite para apre-galos n'esas muñóns d'abráquico... coma o outro che tallaría as pernas a tí, no mesmo caso, para servirse d'elas. ¡Irmáns de camiño, igoal que os irmáns de sangue, de terra ou de traballo, todos un fato d'egoistas! Deprendede do felgo, pecadores d'este velorio de vivos, mais triste que o outro no que a Ciprianilla ergue o cóbedo para chorar bágoas d'anís entr'as comadres plañideiras que arrodearon o cadavre do tío Andrés.

CEGO

Ten razón Electus... Pro os piñeiros da montaña e da mariña tamén son homildíños e rexos.

ELECTUS

Coina guerreiros talmente, dixo Homero, un antigo copreiro, cego o mesmo que ti. Mais os pinos son os proletarios da vida vexetal, e os felgos, probes que non mendigan esmola e que nin siquer San Francisco aloumiñou co'a sorrisa d'irmán, cando veu axionllarse a Compostela. Todas as flores silvestres e toda as herbas con recendo tiveron copreiros que as cantasen, beizos de mozas a bicalas, e peitos de muller onde recibiren a calor dos corazóns... Os felgos, non. Nin'os aloumiñan os paxaros, nin'os chuchan as abellas, nín'as nésporas, siquer... A volvoreta velaíña, flor sin ponla, ceibe pol-o azul que é consolo de moitas prantas saudosas de pétalos, receia de se pousar encol d'eles. Pois a vaca, a cabra e a ovela tampouco a piniscan...

SABELA

É verdade...

ELECTUS

Somentes a araña, noxenta estrela que por rebelde Lusbel, privada das aas da lus engurruñouse ô cair na terra para trocarse n-un miudo e mouro ventre con patas, nemigo de canto voa, atopa senlleiro agarimo entr'os felgos onde ten

segura a sua tea sutil que semella unha fenda
producida pol-o cotelazo d'un tolo no cristal
do ár.

CEGO

¡Que ben dí o home!

ELECTUS

Poriso ll'eu chamo pectoral do Papa novo que
ha d'elixir o bô Xesús na segunda volta.

SIN PERNAS

Deus o traiga axiña, d'aquela.

ABRAQUICO

Si ven para facer milagres...

ELECTUS

Como vós, no desprecio de todos. Pro millor
que vós, os felgos devolven ben por mal e bican
os pés ispidos dos nenos que os tripan sin ferilos
con rabuños arañadores conqu e firen outras
plantas mais fachendosas, porque decatáronse de
que ises meniños que ganan a dura codia de broa
entre chuvias, ventos, sarabias, folerpas, xiadas,
orvalleiras, e calores, son orfos de cariños com'a
eles. ¡Benia, pois, ás estreliñas do ceo, arañas de
lume penduradas da tea branca da vía láctea que
ás veces, bican co seu longuíssimo bico de lus a
sua imaxe melancónica, verde sorriso do irto,

cando tremela nos doces rires que as cóxegas da
bris fan nas augas enlamadas da montaña. ¡Sem-
pre chega do outo o premio para os homildes e
bós que esligan co'a sede de xusticia e d'amor na
terral! ¿Por qué o poverino d'Asís que andivo a
fraternizar con todo o cativo e sinxelo do mundo
nos seus deliquios pantefistas —hastra o punto de
lle parecer grande a formiga e fachendosa a vio-
leta que simboliza a modestia— non lle chamou
irmán como llo chamo eu?

SABELA

Dende hoxe estimarei os felgos... porque como
eles quixera ser despreciada e esquencida de
todos.

PEDRO

¿De todos, Sabela? ¿Inda do primeiro amor?

SABELA

De todos.

ELECTUS

(*Acarón d'eles*). Non hai, Pedriño de panza de
gaíta nin primeiro nin último amor. Hai sô amo-
res diferentes que ninguén sabe ó sentilos si son
ou non os mais fondos que puideran selo.

CEGO

Ai, Electus... Eu coido que si.

ELECTUS

Mentiras do corazón humano, trabucado pol-as
relixións e envenenado pol-os románticos, cando
non por un parvo egoísmo.

CEGO

A fé non te entendo.

SABELA

Nin eu tampouco.

ELECTUS

Pois quero que m'entendades.

PEDRO

Si nol-o fás entender...

ELECTUS

Pensades com'as solteiriñas, virxes avinagra-
das e com'as vellas viudas cando perden o home
en idade no que o sangue xa non quenta.

ABRAQUICO

A min as viudas abofellas non che me gustan.

SIN PERNAS

Porque te lembrás, seique da copra:

*Caseime c'unha viuda
coidando que era canela,
pero o sapo escarranchado
sempre escarranchado queda.*

SABELA

Sempre vós a rastear pol-a poeira enlamada
dos camiños tortos...

ABRAQUICO

E logo ¿minte a copra?

ELECTUS

Déixaos, Sabela... Sô os nenos e os animás son
castos; porque sô se pode ser casto cando s'inora
com'o inoran os nenos canto se refire ás fontes da
vida, ou cando se vai ás fontes da vida buscando
o pracer por instinto co'a naturalidade dos ani-
más, que porque non teñen razón non chegaron ô
crime de consideraren pecado o mais serio da
Natureza. Ese crime da sinrazón da razón trouxo
total-as traxedias: desd'o matrimonio â rameira e
desd'os celos â terrible virxinidade de vestal for-
zosa, a maior negación da castidade, com'o asceta
que s'atormenta por fuxir dos anceios da carne,
sal da vida.

ABRAQUICO

Eu non sei d'eso, pro o que eu dixen...

ELECTUS

Falas parvadas que non deprendiches do borriquito que te leva pol-as festas a pedire... Escoita si ques, com'os mais escoitan. Decíalle a Pedro que o primeiro amor dos mozos e mozas pode ser calquera amor que non seña o verdadeiro, inda que eles coiden outra cousa.

SABELA

De maneira que para ti o amor primeiro pode ser superado n'outro novo amor. ¡Si tiveras razón!

ELECTUS

E téñoa.

SABELA

(*Para si*). Si a tivera...

CEGO

Eu penso na cantiga:

*Non lle deas creto a moza
que amores con outro tivo,
que as augas andand'o tempo
volven pol-o seu camiño.*

ELECTUS

Pensai que muller non gustou d'un home que nunca nada lle dixo... e pensai que home non

gustou de muller que logo foi d'outro... E eses homes que despois se namoran d'outras ¿poden dicir que os seus amores non poderían superarse n'aquel amor que arelaron e n'outros que arelarían aínda sin podelos conquistar? ¡Primeiro amor! Engaño da carne que escoa do instinto da Natureza, filtrado por antergos prexuícios no fonil de leis artificiosas cos que se adormece o adulterio espiritual! ¿Qué home ou muller poderá dicir cal foi seu primeiro amor e cal podería sel-o último, inda habendo tido moitos amores?

CEGO

¿E o conto da media laranxa?

ELECTUS

É un conto de romances de camiño. A mellor cordura do meu nemigo Don Quixote foi poñere o primeiro amor que nunca tivo na entelequia d'unha muller inesistente. Dulcinea é a muller con que se soña e poucas veces se posee. Probes Aldonzas Lourenzo que coidou Quixotes ós Alonsos Quixano que a casualidade levou ó seu eido! ¿Cando as almas das mozas rendidas ó berro da carne que lles fai ver ó home que queren en calquer home que as leva ó altar de Himeneo deixarán de ser sacrificadas pol-o honor calderoniano—honor de terras irtas— na crus dos calzóns masculinos.

SABELA

O teu falar e com'unha brétema aluarada.

PEDRO

Que non deixa ver as albres do camiño.

ELECTUS

Pois non falo mais do amor porque o amor por culpa dos que non saben comprendelo, pónvos tristes. Cando volte o Criador á terra pedirálles ós Césares que obriguen a ser nais a total-as mozas para que logo satisfeito seu instinto de femias poidan, esquecendo o macho, buscaren entr'os homes o home dino de muller. Sabede que entr'os homes mais requintados que houbo no mundo, os da Atenas de Pericles, algúns dos millores non coidaban pracer senón molesto esforzo a flor da virxinidade no horto de Venus e encarregaban de tal trafego ós seus escravos.

CEGO

Ai eso non cho queredría eu, porras.

(Todos se rín plebeiramente).

ELECTUS

Porque és cego dos ollos do corpo e dos ollos da i-alma. Pro aqueles homes tiñan o divino infantilismo espiritoal dos panteístas e poriso fixeron a suprema civilización da beleza. Poriso o vello Sócrates n'un xantar platónico con recendo de violetas e áureo zoar d'avellas, púidolles decir fachendoso da súa sabiduría ós mozos que aloumiñaban ás mulleres da compañía cosendoll'as

bocas c'o fio da risa na agulla dos labios, estas agudas verbas: «Inda si eu quixera sería o preferido de todas». Nídio conceito do amor que logo esquencería o mundo para que nacera a herba cizañosa e parva do donxuanismo, amigo do cinto medeoval da castidade, do honor no niño do intercolumnio das pernas e dos lóstregos da carne en celo que se chaman piropos.. ¡Que volta dará a roda do mundo, Pedriño afiador, cand'os Césares impoñan o que ordeará Cristo ô seu retorno, xa cheio d'esperencial...

CEGO

Pro a riqueza inda é peor que nada... ¡Leiras que tiven e traballei para que logo mas levase a curial

ABRÁQUICO

Pol-o gusto de pleiteares.

ELECTUS

Voluptuosidades dos nosos peisanos que levan na i-alma luxuria da posesión de terra porque non teñen d'abondo para se satisfaceren co'a cativa que posên, a veces de tan cativa, obrigada â servidume «de medio carro e pasa boi».

CEGO

Poriso pensan com'o da copra:

Púxenlle preito a un veciño
pol-o derrego d'un leiro,

levar levóu todo a curia
pero amolar... amoleino.

ELECTUS

Pois tamén os Césares por mandado de Xesús
acabarán con iso, lembrándolles ós ricos a parábola da agulla e o camello. ¡Benia os mariñeiros que levan na i-alma o senso do latifundio sin lindeiros de propiedade que o mar repersenta!

SABELA

¡Santa Lucía me valla! ¿E o rapaciño non estará dormido?

PEDRO

Dormirase o probe. (*Faino despertar e erguerse*).

SABELA

Anda para o leito. Vaite cand'o teu amo.

CEGO

Ímonos, si.

PEDRO

(*A un aceno do Xordo-mudo*). ¿Qué dí?

ABRÁQUICO

Si o deixan ir canda vostedes ô velorio.

PEDRO

Por mín que veña.

ELECTUS

Convén alí, porque como nin oi nin fala, parecerá o máis respetoso c'o difunto e o mais amigo.

SABELA

(Sorrindo). Tes razón.

CEGO

(C'o rapás que o leva da mán, pérdese nas sombras do corredor). Boas noites a todos.

TODOS

Santas e boas.

ABRÁQUICO

(O Sin pernas). Nós ímonos tamén. Anda tí...

SABELA

Pois eu tamén vos deixo.

(Desque se foron todos e o Xordo-Mudo e Elec-

*tus xa abrangueron o limar da Porta do rueiro,
Pedro volve súpeto pesto da Sabela que abre a
porta do seu coarto.*

PEDRO

Sabeliña... eu non poido vivir sin ti.

SABELA

Tampouco eu podía e afixenme.

PEDRO

¿Non me das unha chisca d'espranza? Sé boa.

SABELA

Solo serei boa para todos sendo mala para tí.
Desbota do teu corpo ese capricho do demo en
que se abura un amor propio de macho.

PEDRO

E si non poido...

SABELA

Xa fixen mal en te oir tanto.
(Voltándose no coarto e pechando a porta).

ELECTUS

Afiador d'ollos cegos que non podes amolar
¿ves ou non?

PEDRO

(Alporizado e saloucante) Vou Electus, vou c'o demo ond'a min.

(O iren a saír bota a cabeza pol-a porta o Xurxo).

XURXO

¿Vostedes por aquí? ¿Seique non van ô velorio?

PEDRO

¿E tí?...

XURXO

Eu xa veño e volvo para aló.

ELECTUS

(Ríndose a Pedro) A sorte che ven á man. Téntalle a chepa a este cherepa.

PEDRO

(Que entra de novo c'o Xordo-mudo) ¿Qué levas n'esa bota que abulta mais que tí con xorobas e todo?

XORDO-MUDO

(Facendo accesos de beber levando o pulgar á boca) Uú... uú... uú...

XURXO

(*Afirma c'oa cabeza*) Viño, viño bón, fun á taberna do Agustiño por él. Para escurrental-o sono e refrescar as gorxas que contan contos no velorio do tío Andrés.

ELECTUS

¡Viño mercado con aforros do morto por un heraldo da sorte, mascota de xugadores, coraceiro con armadura de gnomo, a bebelo nós! (*Pillándolle a bota negra e pansuda*) Xamón líquido con pelexa de boi, celme de uva. A celebrarmos con él este velorio de vivos.

XURXO

¿E despois que faigo eu?

ELECTUS

Levarlles logo a bota preñada de novo, porque con ir a enchela outra ves á mesma fonte... Díronche cartos?

XURXO

Non. A viuda do difunto ten creto d'abondo.

ELECTUS

Pois honraremos ô morto probando que ten quen lles fíe canto queiran ôs que choran pol-o que foi tan bó e honrado.

PEDRO

(Que fita ô coarto de Sabela) Ten razón Electus.

XORDO-MUDO

(Fregando as mans con lecer ô vere como Electus se dispon a deitar viño nas cuncas) Uú... uú... uú...

ELECTUS

Despertade ôs que se foron dormire. Que veña o cego, que veña a cega e os máis... ¡a beber todos hastra nos cair de chispas, e hastra que desza o trasno pol-a gambota na renrea do fume cantando o «turululú, turululú, total-as nenas me bican o cú.»

XURXO

Ai si ven a Ciprianilla...

PEDRO

Hoxe a Ciprianilla está como total-as comadres igual que o peixe na i-auga: no oficio de difuntos.

ELECTUS

(Berrando e choutando, despois de beber unha cunca) ¡Nectar de Baco, ledicia de Noé!

SABELA

(*Mostrando a fasquía na porta entraberta do seu coarto*) Pro ¿que é esto? ¿Seique toleáchedes todos?

ELECTUS

Tolos, non. Ledos ante o único que fai fraternizar ós homes pra que logo se tornen máis. Cais que nunca.

SABELA

Bebedes viño.

XURXO

Viño bó (*limpando os beizos co'a manga da chaqueta*). ¿Chamo logo ós mais?

ELECTUS

Que veñan de contado a choraren de risa.

PEDRO

Bebe ti tamén Sabela unha pinguiña, por si tés penas que afogar.

SABELA

As miñas penas aboian na i-auga, no viño e en todo.

ELECTUS

Pro despois de beber viño se tornan leite e mel para o espírito. Teñen raíz na mesma terra. Bebe, bebe Sabela que o viño dá vista ós cegos, voz ós mudos, ouvido ós xordos.

PEDRO

E fai tatexos ós sans...

(Chegan o cego, o eibado d'ambas pernas, o abráquico, refregando os ollos e abrindo as bocas en bostezo).

ELECTUS

¡Auga, leite, viño e mell! Os catro manxares millores que Deus nos deixa ordeñar da vaca verde da paisaxe. Os catro evanxeos da vida.

CEGO

Eu vos direi o cantar:

*A i-auga pra nos lavare
o leite pra nos nutrire
o viño pra ben decire
e o mel para namorare.*

ABRÁQUICO

O viño para ben deciren os homes e pra ben-decilo os abades. ¡Deus o traia á miña gorxa que escomenzaba a poñer áspra o primeiro sonol

ELECTUS

Primeiro sono, como primeiro amor si non
trán após d'eles novos sonos e novos amores mais
val que non veñan nunca.

CEGO

Pro ¿a qué se debe esta festa?

ABRAQUICO

Esta festa n'é festa de pedir esmola como non
seña de viño.

SIN PERNAS

O viño igoala a todos. ¡Veña viño!

CEGO

(Saboreando un grolo da sua cunca) Lémbrome
d'aqueles vellos do cantar que bebendo do que
nós agora bebemos, decían ledos:

*¡Ten un piquiño! ¡Que noria!
con pique ou non, compadriño,
dempóis de Deus, ¡viva o viño!
¿E haberá viño na gloria?*

XURXO

A beberemos todos... *(Emboirca da bota en glu-
glú de fío vermello con doas d'escuma o licor
da uva).*

ELECTUS

Este boto humán é o recadeiro de Caronte. Tróuxonos o viño das ribeiras da Lagoa Estixia. Mandáronllo levar para o velorio do morto da cás veciña e roubeillo eu para este velorio de vivos con almas en pena e todo. Sabela, quixen darche sorte (*Pillándolle a man e facéndolla pousar no lombo do xorobado*). Todos a buscal-a sorte. (*Todos, agás o Xordo-mudo, ríndose, topan na chepa do Xurxo*).

SABELA

Eu non creo en meiguerías.

ELECTUS

Pois meigas hainas d'abondo.

CEGO

Pol-o menos do mal d'ollo, Sabela e mais eu sabemos.

ABRÁQUICO

O xordo mudo non che topou a chepa.

XURXO

Pior pra él.

XÁN

(*Bota a cabeza pol-a porta do rueiro que se*

hachaba a meio choer.) ¡Ora o demo o que eiquí vexo!

ELECTUS

Verás máis e mellor si ques ver como Marcial ou como Omar Kayán a través do vaso de bó viño a vida. ¡Adiante, Xan!

XÁN

Pro esta festa...

ELECTUS

Unha festa de ladróns. De ladróns de viudas que choran diante dos cadavres dos seus homes.
(*Pedro dille a Xan, pol-o baixo do que se trata*).

XÁN

Arrenegado seña o demo. ¿E tí?... (*Pelándolle no hombro á Sabela*).

SABELA

Calquera dormía c'o rebumbio. Fixéronme erguer cos berros e as risas que ceibaban.

XURXO

(*A Xan*) Probe unha miga.

XÁN

(*Coa cunca que l'ofrecen na man*) Á saude de todos. Bebe, Sabela, un grolíño do meu.

SABELA

Por te compracer nada máis. Xa o probei d'antes para non desairar a ninguén. (*Molla os labios na cunca*).

Non quero máis viño. Téñoche sono.

XÁN

Pois déitate e durme tapando os ouvidos no leito si estes trouleantes non se van logo.

CEGO

Logo, si el Señor que inspirou a Noé nos deixa, haberemos d'ir.

SABELA

(*A Xan*) ¿E tí ves da fraga?

XÁN

Alá fun, voltarei logo, e logo ô velorio pois ben merece o señor Andrés canto eu faiga por él.

SABELA

O probe ben ganado ten o ceo.

ELECTUS

Ô das toupas que é o teu ha d'ire de contadiño.

SABELA

¡Quen puidera trocar o rabo pol-os ollos! Valen mais ollos de sapo que rabo de toupa.

XÁN

Déitate xa, Sabela. Eu inda ficarei aquí un momento. (*Levándoa ô cuarto*) Hastra que volte á mañán.

SABELA

(*Antes de fechar a porta*) Non bebas moito que che fai dano. ¡Boas noites a todos!

ABRÁQUICO

Para nós boñas son.

ELECTUS

(*Rubindo á lareira*) Agora quero falarvos seriamente. Dixo San Agustíño que a indinación e o linguaxe da verdade. Pro o viño tamén adoita selo.

ABRÁQUICO

(*O compañeiro*) Xa nos fará de rir.

ELECTUS

Gosto de falar con homes labregos e probes d'oficio que non saben de letras, millor que cos leídos, o mesmo que meu nemigo Don Quixote.

CEGO

E quen é o teu Sancho Panza.

ELECTUS

O gaiteiro seríao se o necesitase... Pro somentes o xenio simplista do ermo das tristes lontananzas mortas que non escuitou o mar puido atreverse a arredare a Sancho do Quixote e a Crispín do Cabaleiro. Hastra ese absurdo chegou o degoro absolutista e soberbo da Meseta, pecado de solitarios contra Natura, froito seródio do misticismo que quixo opôrse á verde mazán do arbore da cencia tentadora d'Eva, da que deitan todolos zumos panteístas nos que sempre s'atopan xuntos os contrarios armónicos, eixos da vida, propios de cantas teogonías eisen: mal e ben, lus e sombra, ceo e inferno, anxo e porco, sal e cucre, ledicia e door, sol e lúa, mar e terra... A eterna antítese hermafrodita do sentimento e o pensamento que simboliza o bivio grego. A perfección humana composta de todas as imperfeccións, com'o branco de todas as cores é a verdade de todas as mentiras...

CEGO

E dí que non necesita Sancho... E pérdese no bosque das verbas.

ELECTUS

Cala, cego irmán do asno de Sileno, non despertes as fadas que eu quero fecundar, c'os teus

orneos. ¿Non sabes que eu son o profeta da segunda volta de Cristo, e coma él hei de sandar cegos da i-alma e ter coma apóstoles xentes humildes da aldeia? (*Co felgo n'unha mán e un anaco de broa na outra, logo de pousal-a cunca no escano*) Vede na ara da familia Cristo cand'a Pan e Amadis. O humilde cristianismo do felgo e a fariña aldeán — marela ou branca dá o mesmo — que é o único perciso par'a vida, fraternizando con ledicia helénica co millor dos cabaleiros dos libros de cabalería que falou na nosa lingua, dispostos a poñeren a Rousseau de César Universal mentras o Profeta dos Trenos encarnado en mán maldiza as pentápoles monstrosas que fan almas com'os vosos corpos e teñen xorobado o espírito, tal que o recadeiro da viuda do difunto... D'aquela as brétemas da idade media que inda buligan na bouta dos cerebros de moitos que se chaman cristiás han de s'espaxeraren para que todo s'encha de leda e infinita sinxeleza irmá da pingota d'orvallo... Os sapos a recibiren a Pan reloucando no seu caramillo e nas suas campañías nouturnias hastra se trocar en príncepes com'o asno d'Apuleyo logo de comel-as rosas... E Xesús facendo florecel-os felgos que bailarán en roda orredor d'él abenzoará o campo escribindo con zume verde o novo Sermón da Montaña. Entón a muiñeira ha ser n'un pucharco de penedo cheio d'auga de Xuvenencia a nova Samaritana tod'a rir con risadas de fervenza de muiño. E o abade o demo maor si non se decata que n'esta terra hastra as sotanas dos cregos se paganizan trocándose verdes... O purgatorio auga de lavadeiro con linguas marmuladoras porque o fogo queima e non limpa. Xa-

brón en troque de cinza. Venus, Ceres e Oriana
contra Tereixa Panza, Tereixa d'Avila e Inés de
Pantoxa.

CEGO

De tanto lêr nos libros en noites sin acougo
amolecéronse os miolos com'a Don Quixote.
¡O que él baraxa!

SIN PERNAS

Probiño. Dá máis voltas que un argadelo.

ELECTUS

Pro eu nunca montei no rocinante da loucura
pra me ir contr'os muiños de vento porque vín
moer fariña de hostia co'as pedras da montaña
que avala a i-auga que fai beilar o rodicio... nin
tomei pelexos de viño, agás os dos maragatos,
por malandrís e follóns... nin en ningures vín
soldados nas ovellas inda que moitas veces, ove-
llas, mais que homes, parézanme os soldados.

PEDRO

Ben sabe o que dí, non vos riades.

ELECTUS

Con lanza enfurrullada non se pode segar
herba. E solo segan estrelas nos prados do ceo
os que logran pol-o camiño de Santiago pillar o
fouciño da lúa. San Francisco por facelo asin mo-

rrreu en loucura por Cristo. O fidalgo manchego nado en irta meseta ô se asolagar n'un océano de ermas terras sofríu o castigo de se finare cordo arrenegando ante o crego, com'a un cristián calquera, do millor da súa i-alma que eran as súas tolemias. Fogo do mar morto de Castela con velas d'aspas de muíño abúralle o seso a Don Quixote. Bris do mar Atlántico, cheio de falas galegas e de xigantes de brétema c'os que loitaron os Lusíadas levando no curazón a Amadís tecido fian no cumio de neve do Cebreiro o niño de pombas do Santo Grial entr'as chourimas do esceiticismo d'un crego que com'o crego Airas Nunes non atopó a verdade en ningures; nin nos mosteiros de frades nin nas pousadas das Ciprianillas. (*Er guendo a cunca do viño e sugando un grolo*). ¡Pomba con carne de barro, irmán da que levan nosos corpos e sangue vermella das uvas da terra, tí és o meu espírito santo! *In vino veritas*. Pol-a lúa enfeitada con veo nupcial de brétema e co'a flor d'azahar das escumas salgadas que a tantos irmáns mariñeiros amortallaron! Pol-a lúa que é a miña Dulcinea porque bebe e desbebe o sangue das mulleres e bebe e desbebe a i-auga do mare e bebe e desbebe os miolos dos homes! ¡Pol-o felgo que é crus e caduceo da probeza c'o que eu tinguirei de verde as chagas franciscanas! (*Déixase cair no escano c'unha longa gargallada de tolo, mentres os outros, tamén a riren trasegan igoalmente das cuncas ás gorxas o viño como n'un brindis*). Brindais pol-o meu rir absoluto de deus grego en estado de dionisiaco co'as vosas risadas de vermes ronseladores de máguas nos camiños de romaría. E eu dígovos en verdade

que si queredes ser vagalumes, vermes de lús,
estrelas de verde sangue, sô deprendendo a rir
com'a mín poderedelo conseguire.

XURXO

Ben Electus, dís ben, pro xa se remata o viño.
Vou catar máis á taberna do Agustiño e quen
queira outro grolo e outros grolos que veña cand'a
mín e tomaraíos no velorio do tío Andrés.

XÁN

Eu t'acompañó. (*Saen sin que os outros xa
bébedos se decaten*).

CEGO

(*Apurando o fondo da súa cunca*). Hastra ver-
te, meu Xesús. Sabe que gorenta, porras.

ABRAQUICO

(*A quen o compañeiro lle da agora como d'an-
tes a beber*). Goréntanos a todos.

ELECTUS

(*Descendo da lureira*). *Vinum bonum*, dí a
Bíblia. Troveiros e xograres cantaban para o be-
beren. Viño da nosa terra ía para a mesa dos reis
de lonxe.

CEGO (*Medio chispo, a meia lingua*)

Pro tamén dín alí que non se ha beber de máis

porque d'aquela nin segredo hai que se garde nin palabra que se cumpla.

ELECTUS

Iso non mo contes tí a mín inda que Don Quixote llo dixera a Sancho. Eu diciríache co «Eclesiastes» que o peor vicio é o da luxuria, a fame de «carne triste». En mín fala Anacreonte. Escoitai... «A terra cando está sedenta bebe avariciosa a i auga que emborca o ceo nas cuncas das pucharas onde reflexan sol e estrelas, porque desexa sentir a meiga borrachera do verdore. As herbas chuchan da i-auga da terra hastra se callaren de flores. O mar emborráchase c'os ríos. Lúa i-estrelas beben o sol que ten cara de borracho pra logo andaren de xolda e rexouba n'un brindis inacababel. Ora nós porque non habemos de beber, bebendo canto hai en ceo e terra? Homes parvos, ¿por qué han de beber todos e nós non?

SIN PERNAS

Póis a bebere todos.

ABRÁQUICO

Dame un pouco do que che resta.

ELECTUS

O viño alegre e os cartos dan tristura. O mesmo Anacreonte unha vez que o rei de Samos regalóulle cinco talentos —varios mileiros de pesos— tivo que llos devolver porque inda de bébe-

do e todo a preocupación d'os gardare poñíao des-
acougado. O diñeiro —dixo aquel poeta— non
val os cuidados que dá. Por iso Cristo nunca
pillou nas súas máns, nin unha triste moeda. A
riqueza é o inferno. O avarento o máis amigo do
demo.

ABRÁQUICO

Póis vivan os que, com'a nós, achámonos na
gloria: bébedos e sin cartos.

CEGO

É tempo de nos ir ôs nosos leitos de palla cris-
tián.

SIN PERNAS

Vou soñar que teño pernas.

ABRAQUICO

E eu máns.

CEGO

Póis eu soñarei que vexo á Ciprianilla zoupar-
nos co'as cuncas valeiras do viño nos lombos por
lampantís, cando seipa o que fixemos.

ELECTUS

Rezaille para amolecer a ladaíña do viño que
deprendín na «Celestina» que era talmente da
madeira d'ela.

ABRAQUICO

Soupéramos esa ladaíña.

ELECTUS

Eu vol-a deprenderei de contado. (*Co'a cunca na mán*). Di a remendavirgos do conto: Poñerei acarón de min este xerro e esta cunca póis sô vivo si ando a falar con elas. ¡Santa Ciprianilla...!

CEGO

Ora pra nobis. (*Rinse todos*).

ELECTUS

Desque me fun volvendo vella non sei de millor oficio á mesa que escanciar da xerra porque sempre se ll'aprega a unha algo.

TODOS

(*Con máis risas, agás Pedro*)

Ora pra nobis.

ELECTUS

Póis de noite pol-o inverno non hai quentador do leito com'unhos grolos de bón viño a tempo.

TODOS

Ora pra nobis.

ELECTUS

Unha codia de pan abóndame para tres días.
O pan non leixa a tristeza, mais o viño dá ledicia,
deita folgos no sangue, fai beilar o curazón maor-
mente que o ouro e o coral; dalle esforzo ô mozo
e forza ô vello.

CEGO

Amén.

ABRÁQUICO

Seique non rematou aínda.

ELECTUS

Dalle coor ô esbrancuxado, carraxe ô cobarde,
espilidura ôs miolos, lume ô estómago, azos no-
vos â laboura campesina.

SIN PERNAS

Que asín nos aproveite a todos.

ELECTUS

E agora o oremus da Celestina: Faiga El Se-
ñor que nol o dían sempre bó porque a única cha-
ta do beber é que o bón val caro e o ruín non
aproveita.

Facédelle deprender esta ladaiña â patrona
póis se logo quer rezala con vós e non a soas,
índa tocaravos algo.

CEGO

Outra vez amén e levaime vós (*ô Abráquico e ô compañeiro*) para o meu leito. Hastra outra, meus amigos.

PEDRO

Abur, ho, co'a compañía.

ELECTUS

E tí e máis eu, Pedro, peto calado, gaiteiro sin gaita e afiador sin roda ímonos a amolar ás linguas das comadres no rodo do velorio onde o cherepudo da sorte índa nos ha dar viño para unha misa de requiem.

PEDRO

(*N'un salaio*). Imos Electus ver a única verdade.

ELECTUS

Verdade entre mentiras, conclusión do siloxismo da vida que consta de tres partes com'os da Lóxica: dous termos primeiros, mesmamente tal que eses camiños que se xuntan na encrucillada: o ben e o mal que levan a idéntico fin: o de non ser.

PEDRO

Imos Electus que é xa tarde.

Imos ver ô tío Andrés, volume en pergameo da historia d'unha xeneración de aldeáns que axiña os vermes na biblioteca de todol-os volumes humanos, sin licencia do sepultureiro bibliotecario, lerán chantándolle os dentes.

Porque non'o amortallarán n'unha d'esas cañotas de castiñeiro —moas careadas da risoña dentamía da paisaxe— para levalo á cova n'un carro de bois choroso? Ese homenaxe vexetalizado merecen nosos petrucios irmáns dos antergos castiñeiros. Ese e est'outro: que a súa caaveira se troque en colmea d'avellas trafegadoras ou en pazo de formigas, logo que os vermes roedores da morte co'a dixestión de miolos ben feita saian dos ósos limpos locindo ventre de burgueses.

Saen os dous. Fica a cocíña solitaria. Ven de lonxe unha cantiga d'arrieiro e o tintinear de campaiñas da colleira dos mulos. Electus deixou a porta entr'aberta para que os cotenos da noite non peten n'ela si buscan casa coberta. Pedro, decatándose de que Electus co'a súa tolemía esporada pol-o viño anda a falar para o seu intre cousas que non l'importan e que tampouco lles interesarán a moitos lectores, n'un pulo pasional volta dos seus tencionamentos ô lugar que lle atraí. A compañía do tolo, enfrascado en soliloquios, facíalle maor a súa soedade.

Ímonos, pois, con Pedro, a seguir o fío do folk-drama deixando para o derradeiro, como cousa aparte si se quer, o monólogo d'Electus.

Vel-ahí vai, galo bípodo e implume, un pouco raposeiro, en xeito de galear, con áas de sóns de gaita e espolós d'afiador, que si non se comentan co'a crista da monteira responden en troques á crista de viño que l'enfeitan os miolos.

Agora un paréntese. C'o circio cristal do ar campesino, ledicia d'Spinoza, acromatizado para todol-os prexucios vilegos fixen uns lentes que poño nos ollos dos lectores afeitos ós vellos e falsos espellismos da óptica urbana termendo de que fiten poriso con naturalidade o que é imperativo da Natureza. Así verán verdades de primeira mán con ollada virxe e gracia santificante non coidando cruo no home enraigado na paisaxe rústica o que é natural no galo entre galiñas, no marañón entre égoas, no boi almallo entr'as vacas e na flor en ansias de se facer froito. E así responderánlle tamén ó prexucio que doutos varóns d'antiparras enciclopédicas teñen escrito no Espasa para manifestaren da terra d'Electus que é unha bela terra con maos costumes, entendendo por maos costumes o de lle ser fideles os mozos ó imperativo máis natural despóis do da manutención, sin previo sometimento ós convencionalismos legalizados. A Geografía manda; a Geografía nas terras pardas xermoladoras do honor calderoniano, da copra da «Dolores» e da misoxinia ascética, nas terras verdes e bretemosas —berces d'europeísmo— é meiga alcayota do culto á fecundidade, fonte da vida, que salga a Natureza co seu engado máis irresistible que se fai inxela poesía casta na cantiga popular...

Cantan os galos ó día...

e na simbólica danza da muiñeira.

PEDRO

(Paseniño termendo de que ninguén o vexa nin sinta chega acochado nas sombras. Escoita un momento, c'un misto alceso, na man. Esculca no silencio que o envolve. Logo prende a chama do misto no velón que hai encol da táboa e a popila de lus marela e velaña fai arredarse un pouco ás tebras alucantes.)

Ben matinei (*falando para si mesmo*) que nos esquencéramos de pechar a porta. Pois esta é a ocasión... ¡Agora ou nunca! (*Pilla unha bandoleira de coiro con chapa, das que usan os gardamontes que se hacha pendurada na parede, e pona*). Báilame a cabeza do moito beber. Tentarei a sorte... (*Esculcando na porta do coarto de Sabela que abre ô fin con moito tento.*) ¡Xal..

SABELA

(*A quen se sinte no renxer do leito*). ¿Quén anda ahí?

PEDRO

Psi... (*Termendo de que se oía ben o sonido da bandoleira que descingue ô se adentrar no coarto*).

SABELA

(*Dentro*). Non dormía aínda. (*Con voz de bostezo soñolento*). Estou alelada. Pro ti ¿cómo viñeches tan axiña? ¿Ou xa é moi tarde?... Cheiras a viño. ¡Qué golfaradas! Ben che dixera eu que non bebeses moito... Déixame, déixame que estás bebido. Déitate de contado... Ora por onde che da a bebida. Como sempre... Si non estás para festas, Xanciño... Acouga, oh... Púxote quente o viño, condanido. ¡Ail Que me mancas... Agarda...

(*No silencio oíse ô mesmo tempo que as derradeiras palabras como loita curta no renxer do leito. Cacareia un galo ô lonxe*).

PEDRO

(Dentro, como erguéndose) ¡Xa poderei contestarlle ledo ô galo, Sabeliña!

SABELA

(Dentro tamén, n'un berro de sorpresa alporizada) ¡Ah!.. ¿Ti? ¿ouvín ben?.. ¡Ti... ladrón... ladrón do que lle pertencía a teu irmán! ¡Santa Lucía que non me deixaches ver este crimel *(Saloucando tremelante)*. ¡Matariáte, si poidesel Nunca pensei foses tan ruín, tan baixo, tan rastreiro... Deshonrada por ti dúas veces... *(Chora com'unha liona ferida)*. ¡Monstrol ¡Monstrol ¡Monstro... raposeiro... cobardel

PEDRO

(Desd'a porta do coanto, fitando para o corredor e á entrada da cociña). Sabeliña... non berres... Ninguén saberá nada...

SABELA

¿Que non berre, porque saiches co'a tua? *(Pedro xa na cociña e ela acabando de se vestir nervosamente)*.

PEDRO

¡Sabeliña!

SABELA

(Como si escupira un noxo). Contr'a miña vountade, ladrón. Com'os ladróns aproveitandote da noite, da soedade, do meu cansancio, da miña cegueira, buscando para alcayota a morte d'un veciño e de lazarillo ó viño.

PEDRO

Roubei por amor o que non podería conseguir d'outro xeito. Porque m'aburaba a i-alma o desexo tolo de te apreixar nos meus brazos; porque te quero mais que nunca... porque...

SABELA

(Con honrada enerxía). Cala xa. Non sigas...

PEDRO

(Saloucando). Fixen mal; seino agora. O viño empurrou o desexo... Non son responsabel, Sabela.

SABELA

Nunca poiden pensar que foses tan cativo, tan serodio.

PEDRO

Queríate... quérote...

SABELA

O querer 9 sacrificio... Non val engaño no amor que é verdadeiro amor. Eso non é d'homens que com'a tí andiveron mundo. Fame de carne teñen os probes méndigos que aquí topan casa coberta e sempre me respetaron inda que os ollos se lles foran atrás min. ¡Mal home! ¡Ladrón... cen veces ladrón!

PEDRO

Pol-o noso amor antigo... pol-o que non es-
quence que fuches a sua raiña no carro canta-
reiro...

SABELA

Inda que sepas pasal-os cegos á ponte a esta
probe, ceguñia pol-o amor teu, non'a engaiola-
rás máis con parolas de mel que son com'o pranto
das feras...

TODOS

Ollos de moza garrida que ven non me cegaron
en ningures, desde fun pol-o mundo: cegáronme
agora os teus cegos.

SABELA

Cegáronte agora os que d'antes ô non verén
te arredaron de min. Non, o que che cegou foi a
tua fachenda de macho ferido no seu amor propio.

Queríate e agora aborrézote. ¡Aborrecer é pouco!
Queréndote tiña a obriga de lle ser fiel a teu ir-
mán. Non te tentaría o demo se non fose digna e
honrada canto poida selo quen vive com'a min.
(*Chorando a feito*).

PEDRO

Antes de m'ire quero que me perdoes.

SABELA

¿Perdoarte? ¡Vaite, ladrón! A miña sorte, no
meio da desgracia d'hoxe é que non me din a ti,
cando coidei que eras o meu home, borracho. To-
lerei o desexo do que supoñía bébedo sin respon-
der a él. Non fun tua... nono serei máis nunca.

XÁN

(*Entrando sin eles decatáranse pol a porta*). ¡A
porta aberta! ¿Qué é esto? Ah! (*despois de filar
con asombro*) ¿Porqué choras, Sabela? E tíl Pe-
dro, a estas horas a solas co'a muller que me per-
tenece?

PEDRO

¡Ai, Xan. Foi que bebin moito... Foi...

SABELA

(*Lottando consigo mesma*). Foi... Xanciño...

XÁN

Ou si foi o que eu penso... o que matino. (*Apriando á muller por un brazo, violento e rudo*). Sabela, fala xa. O sangue anda a me bulir dentro da testa e pónseme un veo roxo diante dos ollos... ¡A verdade, a verdade!.. Índa que teña que matar ou perdoar... Todo ¿entendes, entendedes? Todo agás a dúbida... ¡Que non sofra a pouta da dúbida esgazándome o corazón!

SABELA

Déboche a verdade, Xan, inda que a verdade seña un camiño de perdición. Non quixera pisalo... pero a lei que che teño, a gratitude que che debo... Eu, non tiven culpa. ¿Oíes? Chegou cheirando ô viño; coidei que eras ti. Aparvada pol-o sono como é a tua semellanza... porque non falaba... engañoume o tacto. ¡Nunca o demo o tentara, Santa Lucía bendita!

XÁN

Abusaches d'unha probe cega valéndote do parecido que en mal hora nos deron no ventre da mesma nai. Nin ter sangue do meu sangue sirvéuche de adival.

PEDRO

Tes razón, non teño desculpa. O maldito viño...

XÁN

Viño de morto, roubado a unha viuda c'o home de corpo presente.

PEDRO

Viño envenenado... ¡Viño de perdición! Perdona, Xan. Ela non tivo culpa.

SABELA

Ningunha; dío a berros... Como eu digo a berros tamén ¡que morta me vexa e que os meus ollos se convirtan en xofre para me aburar o corazón, as estranas e a i-alma si non lle falei verdade ô que quero...

XÁN

Voume decatando do teu crime. (*A Pedro*).

PEDRO

O maldito recordo d'outros tempos agrandado pol-o viño... a porta aberta... (*buscando disculpa que non atopa*).

XÁN

Non fales do pasado que é peor... Porque entón o meu aborrecimento será carraxe sanguiñenta. Non fales d'iso, porque cando recordo que xa me levaches o amor de Sabela cando ela aínda

vía... sin ver que eu levábaa no corazón... cando penso que levaches ti a furto o millor d'ela que eu ansiaba para min honradamente e lembro ás veces que tiven celos de ti nas nosas noites d'amor, ô matinare que cecais non eran para min senón para o que a min se parecía seus doces aloumiños e os seus querereres meigos...

PEDRO

Tamén eu a quixen...

SABELA

E abandonácheme.

PEDRO

E sigo queréndote.

XÁN

Cala, mal irmán, irmán maldito. Xa se me acaba a pacencia.

PEDRO

E a min.

XÁN

¿Que dis? (*Airedándose alporizado de Sabela e indo a Pedro, cos ollos escintilantes, feros*). Qué dis gaiteiro canalla, amolador do demo, deshonra da sangue que mamamos. ¿Non sabías que a que-

ría? E valíchete da ganzúa da semellanza, do co-
necimento das nosas intimidades para chegar a
Sabela? Deshonráchela a ela, primeiro, e logo
a min.

PEDRO

Si fose a tua muller legal...

SABELA

Non m'aldraxes na disgracia. Téñolle mais lei
que moitas que casan pol-a Eirexa ós seus ho-
mes...

XÁN

Pedro, que xa non poido contermo. Pedro ..

SABELA

Déixao ir... Que ninguén se decate d'esto tan
vergoñoso entre dous irmáns ¡Xanciño! Que mar-
che...

XÁN

¿E que inda lle tes querencia? Para se ir d'eiqui
ten que ser o máis forte.

PEDRO

Non me tentes... Pode que me teña querencia.
¿Óis?

XÁN

Ouzo... si... e sinto degoros de te afogar.

SABELA

Déixao, non sabe o que dí.

XÁN

¿Qués defendelo? ¡Que se defenda él si un cor-
barde pode defenderse!

PEDRO

¡Xan!

XÁN

(*Sacando unha faca da faixa*). Agora ca-
larás.

PEDRO

Tamén eu teño arma. (*Botando man ô peto*).

SABELA

(*Que tratu de arredulos*).

Xanciño, pol-o sangue que levades d'unha
mesma nai...

XÁN

Ven a min, ladrón. (*A Pedro*) Pro agarda, An-

tes, tí, alá... ¡Fora! (*Empurra a Sabela contra da porta do coarto, e despois que a meteu dentro e pechou a porta, voltando violento, tolo, coma cego, avala a mesa pol-o cabo n'un forte tropazo c'o que s'apaga a lus do velón, e fica a cociña en tebras mestas*).

SABELA

(*Dentro*). ¡Virxe santa, Virxe santa!

XÁN

(*Case ô mesmo tempo*). Asín. Agora, a quen máis poida.

PEDRO

Déixame alcender a lus.

XÁN

Non, ás escuras, cegamente, que as sombras alcayoten a tua morte como alcayotaron a traición que me fixeches... de calquer maneira quero arrincarche o corazón para que un can mais leal que ti o roia inda que logo estoupe envenenado.

PEDRO

Xan, que non respondo de min.

XÁN

Deféndete e non fales. Un dos dous sobra no mundo. Todos cegos; todo a cegas...

SABELA

(Desde dentro, petando na porta).

¡Xanciño, Xanciño!

XÁN

¿Ond'estás, canalla?

PEDRO

Canalla, non... porque a quería...

SABELA

¡Xan, Pedrol

(Búscanse na escuridade. As pisadas sonan no silencio. Sínteselles tropesar na taboa, nos tallos).

SABELA

¡Pol-a vosa nail

(De súpeto un berro doente. Un corpo que caí con pesades no chan).

VOZ DE PEDRO

¡Mateinol

VOZ DE XÁN

¡Mateinol

(Oise fuxir d'un).

SABELA

(*Saindo do coarto*). ¡Un morreu! ¡Sinto medo!
(*Como tola, âs apalpadas*) ¿Cal dos dous? ¡Santa
Lucía bendita, por qué non vexo agora! ¡San An-
drés de Lonxe a onde quixen ir de viva! (*Salou-
cando abre a fiestra que dá algunha craridade*).
¡Cipriana! ¡¡Cipri...a...naa!!

XÁN

(*Apregado n'un recuncho da cocíña, tapando
os ollos co'a mán; com'unha sombra*).

Sabela, non berres... Matei a meu irmán. (*Con
ronco acento*) ¡Mateino!

SABELA

¡A! Pedro morto... morto por tí... (*arrastrán-
dose pol-o chan hastra topar o corpo morto. Vese
entón unha cabeza, a de Electus, xurdindo desde
fora pol-a fiestra á esculca*). Pedriño, Pedro... él
era o meu amor e matáchelo. Era o meu amor que
sacrificaba e sacrificaría sempre por lei a él e lei
a tí. (*Desfeita en bágoas*).

XÁN

Malia á hora en que nacín...

(*Faise un resplandor de lus pol o corredor no
que se sinten pasos. O mesmo tempo que Electus
alcendendo un misto aparece na porta. Os pasos
do corredor anuncian a sombra d'outro home que
con outro misto alceso deixa vel-a faciana*). ¿Quen

ven? (*Ollando ô irmán, a través da reixa dos dedos, con asombro insuperábel*). ¡¡Pedrol! ¡¡Pedrol!

PEDRO

(*Coa mesma sorpresa*). ¡Xán!

SABELA

¡Pedro! ¡Xán! ¿Que pasa? ¿Que foi?... Estou tola, soño... ¡Falai! ¿Sacádeme d'este inferno?

ELECTUS

No inferno está a queixada do asno de Caín, que non sabedes a quen matou.

SABELA

(*Erguéndose*). Di ti, Electus, ¡axiña!

XÁN

Eu ferin un corpo... (*Indo a él*).

PEDRO

(*O mesmo*). Eu tamén. A navalla tiña sangue.

ELECTUS

¡O Xordo-mudo! Matáchedes ô xordo mudo...

SABELA

¡O Xordo-mudol ¡Probe vítima inocentel ¿Pero é il? (*Apalpándoo*).

PEDRO

¡O Xordo mudol Probiño, él él ¡Si houbese un médico na parroquia!

XÁN

¡Malpocadol Xa non sinte (*Póndolle a man no peito*).

ELECTUS

Está morto... sangra. C'o ouvido espiritoal que m'emprestou Hamlet, a través da brétema mesta que envolve á noite, como si presentira o crime ouvín o derradeiro berro d'este pobre felgo da probeza que ferido co'a queixada de Caín empunhada pol-os fillos de Rebeca florecen a morrer en mapolas de sangue. Non choreís. Cala, Sabela, que a brétema é millor plañideira que tí. Xa está no ceo da risa absoluta levado pol-a miña de profeta do deus grego que nos brazos d'Amadis foi bautismado por Cristo con bó viño do Avia...

(*Entran o abráquico e o sin pernas pol-o corredor*).

ABRAQUICO

¿Ti ves? (*Ó compañeiro*). O Xordo-mudo, seique morto.

SABELA

Morto, si, (*acariñándolle a cabeza que ergue no seu colo*). Que com'as nosas Señorás dos cruceiros a Cristo, a do ceu te aloumiñe a ti no seu colo.

O SIN PERNAS (*ô Abráquico*)

¡O único que non lle topou na chepa o xorobado! Pero ¿quen o matou? ¡Sangra o prohibío!

ELECTUS

Logo o saberedes. Agora...

PEDRO

¿Qué facemos?

ELECTUS

Rezarlle esta oración franciscana...

(*De xionllos co'as mans dereitas*).

*Manseliño branco orvallo
que andas na herba a chorar
no teu colo que o ar avala
cuchimina a meu irmán.
Felgo de terra moufeira
¡noivo da lua tamén!
co'a i-alma n'âas d'orvalleira
enfeita o azul do alén.*

*Felgo florido en mapolas
d'o sangue que Caín inza,
às miñas palabras tolas
desce Deus, feito hoxe cinza.*

SABELA

Cinza de brétema fora, cinza de tristura... dentro... nas almas... E o merlo ingrato que hoxe tería de chorar pol-o probiño que tanto ben nos fixo, lonxe de nós!

ELECTUS

Matariáo o abade que matou ó de Guerra Xunqueiro. (*Erguéndose.*)

CIPRIANILLA (*Acochada no mantón negro,
entr'a berros*)

¡Que vexol! ¡Un morto na miña casal! ¡Virxe das Angustias!.. ¡Nai que me deu! ¿Que foi, Sabela, Pedro, Xan?.. ¡Falade! Vosoutros... Este, seique... (*Por Electus*). Un morto na miña casiña... ¡Sanguel

ELECTUS


Cala meiga, e monta d'acabalo na basoira, ou fai o xuicio de Salomón co'a Sabela; xa é o tempo... Non mais toma Pedro e daca Xan...

A tentación das portas a meio abrir ou a menos que meio abrir--chisco d'ollo d'alcaiyota que logo fica ollando d'esguello—foi sempre causa de

trunfos d'amor súpetos, de capidoos da bela arte minoritaria dos rateiros e da bela arte maioritaria do críme que os cegos cantan nos romances. Esa porta tentou a Pedro... (*a gargalladas*). ¿Non ves rir na brétema ôs que aquí rian sin falar niouviire?.. Á alegría pol-a door dixo o músico xordo da *Pastoral*. Á liberdade pol-a alegría traballadora e sinxela... digo eu voso profeta. *¡Vita in mors! ¡Mors in vitaj* ¡Toda a nosa terra en min e eu con toda a nosa terra en todo!



NOTA: Como si este folk-drama se vise n-un escenario quixemos deixar sin describirla a entrada do xordo-mudo na cocíña, para sorpresa dos lectores parella á dos actores. Agora diciremos para que todo pareza natural, que o probe méndigo, ás escuras, sin ouvir nin ver a ninguen sintiuse de súpeto con dúas navallas chantadas no peito. N'un teatro o efectismo faceríase tamén co'a cocíña ás escuras talmente.



O TOLO SOLILOQUIO

DO SER OU NON SER

Que rumiñou Electus esaltado pol-o bon viño ó saír da cociña da Ciprianilla, baixo a ponla húmeda da brêtema que esmorecia os vieiros e os cumios.

...Idevos, idevos a dormir con'os apóstolos de Cristo cando esgotaba a cunca da amargura no horto das Oliveiras... A brêtema desce a min coma o anxo qu'escoitou os laios do Redentor... Idevos a dormir, ou a veláredes mortos que chegaron á vellés en mansedume, xa que vos daría sono escoitar estas verbas, que por se dormir o noso pobo non escuitou no amancer da súa escravitude; cando a Sabela castelán d'alma irta e ventre case estéril roubóulle a coroa a unha principesa que vira a mesma paisaxe nas dúas ribeiras do Miño, rachada pol-os cóns da Historia, e tencionaba zurcila coa agulla do cetro nebrada de zumes verdes que tallou o machado de verdugo en Mondoñedo... verdugo xordo e mudo para os laios de Pedro Padrón procurador d'aqueles labregos ós que nunca se lles perdoará o santo sacrificio de semearen entre fogo e ferro o grau da liberdade.

...Todos se foron a chorar mortos que morren de vellos con pranto de viño e risas de contos, misturados con rezos rutinarios... Que rexouben ou durman mentras eu penso pol-os que nunca pensan...

¡Sabela da filla tola, neto flamengo, bizneto ogro e tataraneto enfeitizado que fixeches cemeterio, cheio de cruces como chatas do pensamento da pel de touro ibérica onde os ollais da castración serviron de engarce de Iuste e o Escorial! ¡Ladroeira que arredaches a dous irmáns

da mesma Natureza nai xunguidos pol-a mesma placenta miñota por consellos d'un franciscano bélico, nemigo dos felgos para logo matar as ideas, esmagar o espontaneísmo do diverso geográfico, Sirena da Iberia, pódolles a camisa de forza feita pol-a tua mán a todol-os divinos tolos que tiveron en Prisciliano antergo devanceiro tolo d'atar..! ¡Louqueira d'un manicomio de místicos perturbados pol-o ermo sin bosques e sin augas límpas onde as risas das fadas nuas non poden escoitarse... Sepultureira da necrópolis das ledas rebeldías do miolo cheias de pulo humano e criador!..

Por ti foi posíbel que encol da herba vizosa da diversidade, tripada pol-o pe de ferro d'un imperialismo estranxeiro, mendigo d'esmolos Península adiante, que tivo a soberba de s'enterrar vivo n'un mosteiro despois de ver a toda Hespaña feita un deserto, xurdira o Escorial, escoria de reis en pó de ermo, na forma de parrilla aburada pol-o sol da meseta onde o Inxenioso Fidalgo perdeu a razón para que o celme idealista da Iberia que lle dera inspiramento fose escarnio e bulra de yangüeses e señores, branco serodio da gargallada universal de todol-os tempos, após da pagana festa do arabismo, lóstrego ledo nas tebras do meioevo que abenzoara o bispo don Opas.

¡Ai, cristiãa triste dos Cristos sin dozura, que por xenreira á Natureza, fonte da vida pagana a verdadeira vida, inspiraches o simbo da nemiga á paisaxe que troca pol-o negro todo matiz de verde no crucificado de Velázquez, para que logo o greco, o grego sin gracia helénica, desterrado en tortura, encha de morto verdor as almas místicas do ermo que escoan dos seus lenzos.

O noso Cristo non pode ser ese que levaron para andar a cristazos pol-o mundo na tracamundana da imposición de dominio e de colleita d'ouro os modelos de Theotocopulus que de ti recibiron pasaporte inquisitorial. O noso Cristo é o que despois de predicar sentábase sobre da herba; o que comeu mel silvestre, gustaba de sandar probiños cegos e probes doentes do mal de San Lázaro na compañía de mariñeiros e labregos. O de berce de pallas entr'aloumiños da vaca marela e cantigas de pegureiros. Pegureiros adornados con fatelos que nunca ningún maxineiro de figuríñas de barro para enfeitio de Nacementos puido concebir a xeito dos da meseta...

O noso Xesús é aquel que puxo seus dedos de bendición sobre da terra que nos dou para que riran en testimonio de tan bela impronta dez rías como dúas verdes e azues mans co'as luvas da brêtema ás ve-

ces. que inutilmente se tenden para que os xitanos do ermo lles boten a boaventura... cando d'ergueren n'un aturuxo bélico a fouce druida en bandeira de liberdade, tal que a Irlanda, puideron onte, puideron hoxe e poderían mañán trocarse na nova Grecia superoccidentalista, xa que no seu seo lírico hai xermos de tolerancia parella á holandesa e de patriarcal democracia que para ser idéntica á escandinava só lle falta a vountade do querer...

...Pita cega da Fe que por azar pillou illas e continentes que logo l'esbararon e fuxiron das mans á súa terra, porque esta, deprendida d'aquela, co pano mouro nos ollos, mirando para si, coidaba, en soberba fachenda, mirar por todos e para todos.

Contra Sabela, Rosalía... a do corazón de rosas de cen follas c'un cravo de ferro chantado n'ele. Contra Tereixa de Cepeda e Ahumada —evocación de viño forte e sin recendo e de sol aburante— Conceición Areal—ledicia d'escumas salitrosas, de praias limpas, de azul e branco de mar e ceio e de batir de aas de vela atlántica. E logo, a Freira das Chagas e o parvo Tenorio, serodías herbas parásitas, nadas no chán, e d'él desbotadas embora, para que lles sirvan de pai e nai os nosos pel-saniños cegos, xordos, mudos e desleigados...

O noso ceo d'arte é o do Pórtico do mestre Mateo ond'a Deus se glorifica c'unha leda teoría de músicos patriarcas que deitan da pedra o lirismo que zugaron na entrana dos verdes montes. O noso Deus é o que só pode ter culto baixo ábsides románicos ond'o pecado orixinal vive en pagania pol-a gracia das gárgolas, fontes do primeiro humorismo humán das que recollen as cóncas de Pelengrino augas da nosa chuvia cinguida cos primarios coores do arco da vella para fertilizaren valéndose d'ela máis tarde os froitos dourados das arbres rexas do barroco.

¡Románico que erguimos ó cumio insuperabel da xenialidade, es como dixo o galo pai do «Penseur», Natureza feita templo! Por eso o tolo homónimo de Cervantes, Unamuno, afirmou c'o seu agudo senso que ante o románico non é posíbel que xurda a cursilería. En troques total-as cursilerías acaen ben fronte o gótico que lembra unha muller axionllada baixo a venda da mantilla —ímaxe do artificeiro— para pregar a berros piropos de onanistas e chulos espiritoales, famentos de Natureza...

Cristo cando volte á terra ceibaralles o «surge et ambula» ós monstros do paganismo, alicerces sobre dos que Mateu ergueu a súa inspira-

ción bíblica de poeta da pedra e das coores murais para que espárexan co'as suas pótegas as cinzas de Iuste e as cinzas do Escorial. E d'a queela, penso, en verdade, que a Iberia deixará de ser a triste Hespaña do Frei Lois. Entón a sabia sorriso enciclopédica dos PP. Feixóo e Sarmiento (que beberon a agulla do esceticismo nas cuncas de viño do Avia, do Ulla e de Samos, namorados das ciencias experimentais) pol-o noso verde rir en liberdade, irmán do pensamento d'Espinoza, iluminará a pel de touro da península... Os que foron Lusíadas, os que souperon pór o brasón das barras no lombo dos peixes mediterráneos e os que na bouta do firmamento dependuramos un camiño noso e universal con foula d'estrelas, xunto cos atletas d'Euzkadi, fecundaremos a entrana do deserto que non quixo ouvir falare do mar a Maragall nin a Camões, e onde a malfadada Sabela, peor do que Hitler anida para os xudeus, tivo matriz. E d'aquela non gostarán as virxes nin os Nazarenos de cantos de morte flamengos... Non esquezamos que o canto d'Ultreya foi o canto de berce do europeísmo que fixo vir cara a nós, pol-a vía franca, a cultura d'Ocidente que os cruzados estiveron a punto de levaren para Oriente.

En todol-os países líricos abundan os tolos, según o profesor Ortega. D'esos tolos son eu, que non percisan casa coberta en Conxo...

Asín falaba Electus Meilán, envolto no hábito franciscán da brétema na meia noite do velorio do Tío Andrés, petrucio nado nos tempos en que a palabra aldeán era o mesmo que unha escritura.

Ao poñer o ramallo de
loureiro no cimacio d'esta
obra para celebrar o seu re-
mate, como fan os canteiros
galegos, penso que hai e haberá
sempre obras teatraes que xustifi-
quen a necesidade do teatro porque
non se poden, endeben, cinematogra-
fiar. Esta, inda que serodia, é unha d'elas.
Cando en palabras refléxase a paisaxe
psíquica e física d'un país sô «falando»
aquela paisaxe faceráse omnipresen-
te. O meu pobre folk-drama quixo
ser iso: as esenciais do *genius*
da miña terra en verbas que lle
debo â terra meiga que me
deu e â que lla devolvo
c'a i-alma que as escri-
bín posta de xionllos.



ISTE EXEMPRAR DA NOVELA
DE ANTÓN VILAR PONTE
OS EVANXEOS DA RISA ABSOLUTA
rematouse de se imprimir hoxe,
Día de Galicia, do MCMXXXIV,
nos talleres da EDITORIAL NÓS

de ANXEL CASAL GOSENXE

Rúa do Vilar, 15,
Santiago.

ALFRED C. TOWN
JAN. 1870
ALFRED C. TOWN
JAN. 1870
ALFRED C. TOWN
JAN. 1870
ALFRED C. TOWN
JAN. 1870
ALFRED C. TOWN
JAN. 1870

ERRATAS MÁIS IMPORTANTES

Páxina 43.—No verso que dí: *a presenza*, debe decir: *a frescura*. Na mesma páx: sin as mulleres, é *son as mulleres*.

Páx. 56.—Pombas en viño morno: *en niño*.

Páx. 109.—En que embazou as nubens: *en que embazan*, etc.

Páx. 111.—Cantos nos que non se vexa: *cantos nos que se vexa*. etc.

Páx. 111.—Rilando en domingo, chorar: *en domingo, a chorar*.

Páx. 126.—Que peta casi: *o casi* sobra.

Páx. 127.—Porque nasceu nas terras probes: *porque nascen...*

Páx. 130.—Rabuños arañadores: *asañadores*.

Páx. 135.—Que coidou Quixotes: *que coidan*.

Páx. 136.—Molesto esforzo a flor de virxinade: *molesto esforzo pillaren a flor*, etc.

Páx. 154.—Tecido fían: *Tecido habitan*.

Páx. 161.—De viño que lle enfeitan: *que lle enfeita*.

Páx. 162.—Nas terras pardas xermoladoras: *xermoladora*.

Páx. 180.—Rir na brétema ós que aquí rían: *na brétema ô que aquí ría*.

Páx. 181.—Baixo a ponla húmeda: *baixo a foula...*

Outros erros de menor bulto poderá correxilos o leitor de seu.

CINCO PESETAS

READ

A

12

Bi

.....

ANTÓN
VILAR
PONTE



EVANGELIOS DA RISA ABSOLUTA

L ACADEMIA
GALEGA
CORUÑA

2215

biblioteca